

ASUNTO PLE/2023/00032163J

**ACTA NÚM. 15 - DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE
TIVO LUGAR O DÍA VINTE E SETE DE XULLO DE 2023.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:00 horas** do día **27 de xullo de 2023**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTEN:

Dona Goretti Sanmartín Rei, Alcaldesa-Presidenta

BNG

Dona Míriam Louzao Fernández
Don Xesús Domínguez Domínguez
Dona Pilar Lueiro García
Don Manuel César Vila
Don Iago Lestegás Tizón

CA

Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

PP

Don Borja Vereas Fraiz
Dona María Baleato González
Dona Yolanda Otero Balsa
Don José Antonio Constenla Ramos
Dona Olaya Otero Sanjurjo
Don José Ramón de la Fuente Rodríguez
Dona Nerea Barcia Guldrís
Dona María Rosario Ferreiro Varela
Don Adrián Villa Torres
Don Borja Rubio Somoza

PSdeG-PSOE

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona Marta Abal Rodríguez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Álvarez Vázquez.

Don Juan Ramón González Carnero, interventor municipal.

José Manuel González García, secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Non asiste o concelleiro Don Evaristo Ben Otero.

ORDE DO DÍA:

1. **SECRETARÍA XERAL.** Referencia: **2023/00032163J.**
Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores.
2. **OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.** Referencia: **2023-REC-06.**
Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, baixo a codificación 2023-REC-06.
3. **OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.** Referencia: **2023-REC-07.**
Aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, baixo a codificación 2023-REC-07.
4. **OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.** Referencia: **2023-REC-08.**
Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, baixo a codificación 2023-REC-08.
5. **OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.** Referencia: **2023/00030956W.**
Aprobación de expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-05, de importe 124.993,00 €, e de suplemento de crédito 2023-SUPLE-05, de importe 387.818,00 €, financiados coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2022.
6. **OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.** Referencia: **2023/00030973L.**
Aprobación de expediente de modificación do orzamento municipal do exercicio 2023, para aprobar unha nova subvención nominativa a favor da entidade "Cruz Roja Española", de importe 100.000,00 €, con base na aplicación dunha parte da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña no marco do programa POS+Adicional 1/2023 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023.
7. **OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE.** Referencia: **2023/00031201V.**
Aprobar a modificación da base 40ª.B das Bases de Execución do Orzamento 2022, prorrogadas ao exercicio 2023.
8. **SECRETARÍA XERAL.** Referencia: **2023/00032163J.**
Aprobación do expediente de modificación orzamentaria de suplemento de crédito 2023-SUPLE-01 do Auditorio de Galicia.
9. **TESOURERÍA.** Referencia: **2023/00005369S.**
Delegación na Deputación Provincial da Coruña a recadación executiva das sancións municipais por infraccións que se deduzan da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Vial, e das Ordenanzas Municipais sobre tráfico vial, e sobre ordenación e regulación de aparcamento e aparcamento de residentes.
10. Proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE para rexeitar a censura no mundo da cultura e manifestar o seu compromiso coa liberdade de expresión e artística.
11. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a elaboración dun Plan estratéxico municipal de voluntariado.
12. Proposición presentada polo grupo municipal do PP para a creación dunha

residencia para persoas con discapacidade gravemente afectadas.

13. Proposición presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE para a ratificación da cesión da Casa da Xuventude á Deputación Provincial.

14. Tomar coñecemento dos escritos presentados polos grupos políticos municipais de designación de representantes nas distintas comisións.

15. Tomar coñecemento de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.

16. Rogos, preguntas e interpelacións.

Preguntas orais:

1. Presentada polo PP sobre as illas de recollida de residuos que se colocan no casco histórico.
2. Presentada polo PP sobre a actividade de aparcamentos irregulares que se desenvolven na Lavacolla.

17. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Presentada polo PSdeG-PSOE para a ratificación da Corporación Municipal dos acordos acadados no Foro Cívico a prol da defensa dos intereses xerais de Santiago de Compostela.
2. Presentada polo PSdeG-PSOE relativa á solicitude de traslado da farmacia de Marrozos ao Outeiro do Castiñeiriño.
3. Presentada polo PSdeG-PSOE para a creación de apartamentos de alugueiro para estudantes en colaboración coa Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago.
4. Presentada polo PP para a elaboración e tramitación dun regulamento de usos de espazos emblemáticos da cidade.
5. Presentada polo PP para a organización de actividades culturais na honra de Francisco Asorey con motivo do día das artes galegas 2024.

Apróbanse por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes a inclusión na sesión de dúas declaracións institucionais, que substitúen a proposición núm. 10 e a moción núm. 1 que figuran relacionadas na orde do día, ambas presentadas polo grupo municipal do PSdeG-PSOE.

Declaración institucional para rexeitar a censura no mundo da cultura e manifestar o compromiso coa liberdade de expresión artística.

Declaración institucional de conformidade ao acordo subscrito entre as forzas políticas da Corporación e o Foro Cívico.

**1. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00032163J.
APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.**

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes aproba as actas correspondentes ás seguintes sesións:

Sesión extraordinaria constitutiva do día 17 de xuño de 2023, núm. 11.

Sesión extraordinaria do día 24 de xuño de 2023, núm. 12.

Sesión extraordinaria urxente do día 24 de xuño de 2023, núm. 13.

Sesión extraordinaria do día 13 de xullo de 2023, núm. 14.

2. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: **2023-REC-06.**
APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE
CRÉDITO, BAIXO A CODIFICACIÓN 2023-REC-06.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de recoñecemento extrajudicial de crédito (en diante REC) derivados dunha serie de facturas en situación de OPA a 31.12.2022 e outras facturas que se corresponden con gastos devengados no exercicio 2022 non recoñecidos como OPA, incluídas neste expediente a tramitar que suman un total de **115.923,86 €**, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenarios para o seu recoñecemento extrajudicial de crédito remitidas polos distintos centros xestores afectados.
2. Vista a dilixencia emitida con data 06.07.2023 pola titular do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade en relación a integridade da documentación achegada aos efectos da tramitación deste expediente.
3. Visto o ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Local, Facenda e Especial de contas, na súa sesión extraordinaria do día 20.07.2023.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEASF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Instrución do modelo normal de contabilidade para a administración local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (ICAL).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. (LCSP-2017)

Base 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo dos traballos preparatorios do peche do orzamento do exercicio 2022, púxose de manifesto a existencia dunha serie de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2022.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2022, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención que se encontran a disposición dos membros do Pleno na documentación que se achega xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

A case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente de REC corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2022, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2022, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigacións, que explican que conte cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para estes efectos, na base 30ª das de execución do orzamento 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, establécense os supostos en que procede a aplicación do REC, os requisitos circunstanciais e orzamentarios que deben concorrer, a competencia para a súa aprobación e o contido mínimo do expediente a tramitar. Neste sentido, o procedemento establecido nesta base limita a utilización do REC para a imputación a orzamento de obrigas indebidamente comprometidas en exercicios anteriores, sendo a competencia para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

III. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2022 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO E OUTROS GASTOS. RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Achégase formando parte deste expediente, un listado como anexo nº I coa relación das facturas en situación de OPA a 31.12.2022 e aqueloutras que se corresponden con outros gastos devengados no exercicio 2022 e non recollidos como OPA que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de **115.923,86 €**, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

De conformidade co establecido na base 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023 e no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na maioría dos casos na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de 115.923,86 € e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.”

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, acorda:

Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na maioría dos casos na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de 115.923,86 € e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

3. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023-REC-07. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO, BAIXO A CODIFICACIÓN 2023-REC-07.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito (en diante REC) derivados dunha serie de facturas que se corresponden con gastos devengados no exercicio 2022, non recoñecidos como OPA, incluídas neste expediente a tramitar que suman un total de 57.937,27 €, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenarias para o seu

recoñecemento extraxudicial de crédito remitidas polos distintos centros xestores afectados.

2. Vista a dilixencia emitida con data 12.07.2023 pola titular do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade en relación a integridade da documentación achegada aos efectos da tramitación deste expediente.

3. Visto o ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Local, Facenda e Especial de contas, na súa sesión extraordinaria do día 20.07.2023.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEASF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Instrución do modelo normal de contabilidade para a administración local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (ICAL).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. (LCSP-2017)

Base 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo dos traballos preparatorios do peche do orzamento do exercicio 2022, púxose de manifesto a existencia dunha serie de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2022.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2022, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención que se encontran a disposición dos membros do Pleno na documentación que se achega xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

A case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente de REC corresponden a prestacións efectivamente

realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2022, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2022, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigacións, que explican que conte cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para estes efectos, na base 30ª das de execución do orzamento 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, establécense os supostos en que procede a aplicación do REC, os requisitos circunstanciais e orzamentarios que deben concorrer, a competencia para a súa aprobación e o contido mínimo do expediente a tramitar. Neste sentido, o procedemento establecido nesta base limita a utilización do REC para a imputación a orzamento de obrigas indebidamente comprometidas en exercicios anteriores, sendo a competencia para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

III. PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA SERIE DE GASTOS QUE SE DOCUMENTAN EN FACTURAS CUXO DEVENGO SE PRODUCIU NO EXERCICIO 2022. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Achégase formando parte deste expediente, un listado como anexo nº I coa relación das facturas que se corresponden con outros gastos devengados no exercicio 2022, e non recollidos como OPA, que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de **57.937,27 €**, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

De conformidade co establecido na base 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023 e no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente que se corresponden con outros gastos devengados no exercicio 2022, e non recollidos como OPA, que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de 57.937,27 €, e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.”

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, acorda:

Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente que se corresponden con outros gastos devengados no exercicio 2022, e non recollidos como OPA, que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de 57.937,27 €, e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

4. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023-REC-08. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO, BAIXO A CODIFICACIÓN 2023-REC-08.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vista toda a documentación que forma parte dos expedientes de recoñecemento extraxudicial de crédito (en diante REC) derivados dunha serie de facturas en situación de OPA a 31.12.2022 e outras facturas que se corresponden con gastos devengados no exercicio 2022 non recoñecidos como OPA, incluídas neste expediente a tramitar que suman un total de **88.543,39 €**, xunto cos seus respectivos informes de fiscalización e propostas plenarias para o seu recoñecemento extraxudicial de crédito remitidas polos distintos centros xestores afectados.

2. Vista a dilixencia emitida con data 20.07.2023 polo titular accidental do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade en relación a integridade da documentación achegada aos efectos da tramitación deste expediente.

3. Visto o ditame da Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración Local, Facenda e Especial de contas, na súa sesión extraordinaria do día 21.07.2023.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Instrución do modelo normal de contabilidade para a administración local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (ICAL).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. (LCSP-2017)

Base 30ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo dos traballos preparatorios do peche do orzamento do exercicio 2022, púxose de manifesto a existencia dunha serie de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2022.

Por definición os gastos rexistrados na conta 413 responden a actuacións efectivamente realizadas ao longo do ano 2022, ou bens e servizos recibidos no mesmo período, respecto dos que non se produciu a súa aplicación ao orzamento correspondente por diversos motivos sinalados nos informes de Intervención que se encontran a disposición dos membros do Pleno na documentación que se achega xunto coas propias facturas ou documentos xustificativos e demais documentación que forman os respectivos expedientes de tramitación de gasto.

A case totalidade do saldo de obrigas pendentes de imputación orzamentaria que se incorporan neste expediente de REC corresponden a prestacións efectivamente realizadas e recibidas a meirande parte delas ao longo do ano 2022, nos termos das actas de conformidade remitidas polos centros xestores responsables de cada actuación, cuxa aprobación, e conseguinte rexistro no estado de gastos do orzamento municipal, propónse neste intre a través do correspondente recoñecemento extraxudicial polo antedito importe.

Sen prexuízo da análise que no seu caso se faga da orixe da falta de imputación orzamentaria, resulta que unha serie de empresas e persoas presentaron no Concello facturas e documentos xustificativos de gastos devengados no ano 2022, efectivamente recibidos nos termos dos conformes que se achegan ao expediente, que cómpre aprobar previamente ao pagamento que evite incorrer nun suposto de

enriquecemento inxusto da propia Administración. O cauce procedemental especificamente habilitado para estes efectos é o recoñecemento extraxudicial de créditos.

Os principios de anualidade orzamentaria e de temporalidade dos créditos determinan que por conta do estado de gastos do orzamento só poden contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Sen obviar a importancia de cumprir esta premisa, a xestión de determinados tipos de gasto vese afectada por factores de difícil predición e mesmo por discordancias temporais entre a execución material das prestacións, a recepción dos documentos xustificativos, o seu vencemento e a tramitación do procedemento administrativo tendente ao recoñecemento das correspondentes obrigacións, que explican que conte cunha serie de excepcións regradas nos artigos 26.2 e 60.2 do RD 500/1990, de 20 de abril, alusivos ás obrigas procedentes de exercicios anteriores imputadas ao orzamento en curso a través do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Para estes efectos, na base 30ª das de execución do orzamento 2022 prorrogadas ao exercicio 2023, establécense os supostos en que procede a aplicación do REC, os requisitos circunstanciais e orzamentarios que deben concorrer, a competencia para a súa aprobación e o contido mínimo do expediente a tramitar. Neste sentido, o procedemento establecido nesta base limita a utilización do REC para a imputación a orzamento de obrigas indebidamente comprometidas en exercicios anteriores, sendo a competencia para a súa aprobación o Pleno da Corporación.

III. PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS GASTOS REXISTRADOS A 31.12.2022 NA CONTA 413 CORRESPONDENTES A ACREDORES PENDENTES DE IMPUTAR AO ORZAMENTO E OUTROS GASTOS. RECOÑECIMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS.

Achégase formando parte deste expediente, un listado como anexo nº I coa relación das facturas en situación de OPA a 31.12.2022 e aquelas outras que se corresponden con outros gastos devengados no exercicio 2022 e non recollidos como OPA que precisan da toma dun acordo de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos para a súa aprobación por importe total de **88.543,39 €**, sendo necesario aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

De conformidade co establecido na base 30ª das Bases de execución do Orzamento Municipal do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023 e no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 do 20 de abril, e demais disposicións vixentes na materia.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, proponse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na maioría dos casos na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de 88.543,39 € e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

Á vista da proposta transcrita, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, acorda:

Recoñecer extraxudicialmente das obrigas derivadas da aprobación das facturas recollidas no listado anexo nº I que forma parte deste expediente reflectidas na maioría dos casos na conta 413 a 31.12.2022 por importe total de 88.543,39 € e aprobar unha indemnización substitutiva a favor dos terceiros que figuran na referida relación polos importes correspondentes a cada un deles derivados das prestacións efectuadas a esta Administración municipal e documentadas nos xustificantes de gasto emitidos, con imputación ás aplicacións orzamentarias tamén relacionadas.

5. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE. Referencia: 2023/00030956W. APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2023-CREXT-05, DE IMPORTE 124.993,00 €, E DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2023-SUPLE-05, DE IMPORTE 387.818,00 €, FINANCIADOS COA APLICACIÓN DUNHA PARTE DO SALDO DO RLTX 2022.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. Vistas as solicitudes presentadas polos centros xestores 01 Débeda Pública (87875), 03 Tráfico (87902), 17 Umad (87519), 20 Servizos Sociais (87484), 31 Comercio (87972) e 44 Informática (87246) co obxecto de habilitar crédito para atender distintas necesidades municipais, xunto co resto de documentación que se achega no expediente, cualificadas como de extraordinaria e urxente necesidade.
2. Visto que coa liquidación do orzamento 2022 se cuantificou o importe do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais en 24.871.961,04 €, e que se tramitou o expediente 2023-CREXT-02 para dar cobertura ás OPAs existentes, aos pagamentos pendentes de aplicar no exercicio 2022 sen imputación orzamentaria e (pagos domiciliados no 2021 e 2022 sen imputación orzamentaria).
3. Considerando que con base no acordo do Consello de Ministros de data 26.07.2022, co pronunciamento favorable da maioría absoluta do Congreso de Deputados na súa sesión plenaria celebrada o 22.09.2022, se invocou a previsión contemplada no artigo 135.4 da Constitución Española, e en coherencia con dito mandato a do artigo 11.3 da LOEOPF, polo cal con carácter excepcional, quedan suspendidos os obxectivos de estabilidade e débeda pública, así como a aplicación da regra do gasto durante o exercicio 2023 (ao igual que xa acontecera con anterioridade para os exercicios 2020, 2021 e 2022).
4. Verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2022, por importe de 3.178.606,18 € xa foron saldadas ou dispoñen de financiamento para a súa aprobación con cargo ao recurso procedente do Remanente Líquido de Tesourería Afectado a través de diferentes acordos de incorporación obrigatoria de remanentes de crédito.
5. Verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2022, por importe de 2.522.891,54 € xa foron saldadas ou dispoñen de financiamento para a súa aprobación con cargo aos créditos iniciais do exercicio 2023.

6. Verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2022, por importe de 5.755.050,63 €, dispoñen de crédito para a súa aprobación e pagamento coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2022 a través do expediente de incorporación de remanentes 2023-INCOR-08 (en fase de tramitación) para atender á incorporación de remanentes de crédito correspondentes a saldos de gastos debidamente comprometidos no ano 2022 -en fase AD ou D- que achegan financiamento a facturas ou xustificantes de gasto que non puideron ser aprobados dentro dese exercicio.
7. Verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2022, por importe de 1.853.747,15 €, dispoñen de crédito para a súa aprobación e pagamento coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2022 a través do expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-02.
8. Verificado que a través da aprobación do expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-02, nunha contía de 70.414,95 € financiado coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2022, habilitouse o crédito necesario que posibilitou a aprobación e imputación orzamentaria neste exercicio daquelas anotacións en conta, polo tanto xa abonadas, recollidas nas contas bancarias municipais relativas a xuros e outros gastos financeiros que quedaron sen aprobar no exercicio 2022 e que quedaron rexistradas na conta 40001 de pagos pendentes de aplicar ao orzamento.
9. Verificado que a través da aprobación do expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-02, nunha contía de 149.174,83 € financiado coa aplicación dunha parte do saldo do RLTGX 2022, habilitouse o crédito necesario que posibilitou a aprobación e imputación orzamentaria neste exercicio daquelas pagos efectuados mediante adeudo directo en conta bancaria de titularidade municipal durante os anos 2021 e 2022 que teñan a súa correspondencia con gasto en peaxes, carburantes, aditivos dos vehículos do parque móbil do concello de Santiago de Compostela.
10. Verificado que a través da aprobación plenaria de expedientes de crédito extraordinario e de suplemento de crédito (2023-SUPLE-03, 2023-CREXT-03, 2023-SUPLE-04 e 2023-CREXT-04) e de diversos expedientes de incorporación de remanentes de crédito (2023-INCOR-08, 2023-INCOR-10 e 2023-INCOR-12), aplicouse 15.897.909,07 € do saldo existentes do RLTGX 2022 para atender distintas necesidades manifestadas polos diferentes centros xestores municipais.
11. Vista a providencia de incoación do expediente asinada polo Concelleiro delegado de Economía e Facenda en data 18.07.2023.
12. Vista a certificación da titular accidental do órgano de xestión orzamentaria e contabilidade de data 18.07.2023 en relación ao saldo actual dispoñible do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais procedente da liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2022.
13. Visto o informe favorable da Oficina Orzamentaria con número de referencia 104/2023.
14. Visto o informe da Intervención Xeral Municipal en relación a este expediente de suplemento de crédito.
15. Visto o acordo da Xunta de Goberno Local extraordinaria e urxente de 20.07.2023 onde se tomou acordo de aprobación do expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-05 e de suplemento de crédito 2023-SUPLE-05.

CONSIDERACIÓNS

I. NORMATIVA APLICABLE

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 36 e 37.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOF).

Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria

Comunicación de 23.05.2022 da Comisión Europea de mantemento da suspensión do Pacto de Estabilidade e Crecemento quedando suspendida a consolidación fiscal e activación da cláusula de escape para o exercicio 2023.

Acordo do Consello de Ministros de 26 de xullo do 2022 de solicitar ao Congreso dos Deputados a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que a leva a unha situación de emerxencia extraordinaria que se axusta ao disposto no artigo 135.4 da Constitución española e no artigo 11.3 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

Acordo adoptado polo Congreso dos Deputados o 22 de setembro do 2022 polo que se suspenden os obxectivos de cumprimento das regras fiscais de Estabilidade Orzamentaria, Regra do gasto e Endebedamento para o exercicio 2022 e se autoriza as Entidades locais aos empregos do Remanente de Tesourería de forma non finalista.

Bases 12 e 13 das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022, prorrogadas neste exercicio.

II. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Con motivo do peche e da liquidación do orzamento do exercicio 2022, aprobada mediante decreto núm. 2023/5207 de 19.04.2023, da Concelleira delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, púxose de manifesto a existencia de operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413) do exercicio 2022 por un importe total de 13.384.722,83 euros.

Así mesmo, coa liquidación do orzamento 2022 cuantificouse o importe do Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais en 24.871.961,04 €, o cal pode destinarse, de acordo cos usos que prevén os artigos 172 a 182 do TRLRFL, para financiar modificacións orzamentarias sempre que se teñan en consideración as prioridades na orde de pago enumeradas no artigo 135 da Constitución Española e no artigo 187 do TRLRFL, que recollen en primeiro lugar os créditos para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública das Administracións, os gastos de persoal, e as obrigas contraídas en exercicios anteriores.

E se ben é certo que o Congreso dos Deputados apreciou en sesión de 22 de setembro de 2022 que se da unha situación de emerxencia extraordinaria que motiva a suspensión das regras fiscais durante o exercicio 2023, tal e coma indica a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local do Ministerio de Facenda no seu documento “Preguntas frecuentes sobre las consecuencias de la suspensión de las

reglas fiscales en 2020 y 2021 en relación con las comunidades autónomas y las entidades locales”:

4. *“La suspensión de las reglas fiscales no implica otra correlativa de las obligaciones que tienen las administraciones públicas con terceros, y, concretamente, con los proveedores.”*

6. *“El superávit de los entes territoriales se debería destinar a la obligación de atender o cancelar la cuenta 413, al pago a proveedores de modo que se cumpla con el plazo máximo establecido en la normativa de medidas de lucha contra la morosidad, así como a financiar déficits durante la suspensión, con eso se evita el incremento neto de endeudamiento necesario para financiar aquellos. A estos efectos, hay que tener en cuenta que, en todo caso, el cumplimiento de las obligaciones de atender la cuenta 413 y cumplir con el plazo máximo de pago a proveedores no está afectado por la medida de la suspensión.”*

Verificado que do saldo de OPAS rexistradas na conta 413 a 31.12.2022 un saldo por importe de 4.012,38 € (que se corresponden con 2 operacións OPA) van ser obxecto de anulación neste exercicio 2023 por duplicidade e un saldo por importe de 70.414,95 € (que se corresponden con 9 operacións OPA) van a ser obxecto de anulación por corresponder esas OPAS en realidade a pagos pendentes de aplicar xa contabilizados no exercicio 2022 por ese concepto evitando así a duplicidade na contabilización. Deste xeito, e tendo en conta o antedito, o saldo real de OPAS que compre saldar neste exercicio 2023 é de 13.310.295,50 €.

Neste sentido, tense verificado que unha parte do saldo de OPAS do ano 2022, por importe de 3.178.606,18 € xa foron saldadas ou dispoñen de financiamento para a súa aprobación con cargo ao recurso procedente do Remanente Líquido de Tesourería Afectado a través de diferentes acordos de incorporación obrigatoria de remanentes de crédito.

Por outra banda, tense verificado que que unha parte do saldo de OPAS do ano 2022, por importe de 2.522.891,54 € xa foron saldadas ou dispoñen de financiamento para a súa aprobación con cargo aos créditos iniciais do exercicio 2023

Ao mesmo tempo, verifícase que unha parte do saldo de OPAS do ano 2022, por importe de 5.755.050,63 €, xa dispoñen de crédito para a súa aprobación e pagamento coa aplicación dunha parte do saldo do RLTX 2022 a través do expediente de incorporación de remanentes 2023-INCOR-08 para atender á incorporación de remanentes de crédito correspondentes a saldos de gastos debidamente comprometidos no ano 2022 -en fase AD ou D- que achegan financiamento a facturas ou xustificantes de gasto que non puideron ser aprobados dentro dese exercicio.

Así mesmo, no expediente de incorporación de remanentes -2023-INCOR-08- habilitouse crédito para atender as modificacións orzamentarias plenarios do último trimestre, saldos de AD ou D do exercicio 2022 para subvencións e outros gastos, empregando para elo o recurso de RLTX 2022 na contía de 4.671.981,63 €.

Para completar a atención ás OPAs vixentes tense aprobado o expediente de crédito extraordinario 2022-CREXT-02 de importe 2.073.336,93 €, financiado co RLTX 2022, coa finalidade de atender ás restantes operacións pendentes de aplicar ao orzamento (conta 413 por importe de 1.853.747,15 €), pagos pendentes de aplicar no exercicio 2022 sen imputación orzamentaria (70.414,95 €), pagos domiciliados 2021 sen imputación orzamentaria (57.826,54 €) e pagos domiciliados 2022 sen imputación orzamentaria (91.348,29 €).

Do mesmo xeito, tense aprobado o expediente 2023-SUPLE-03, para atender a necesidades de Persoal, por importe de 2.803.055,33 €, e o 2023-CREXT-03, por importe de 735.008,41€, para atender ao pagamento de sentenzas, ambos con cargo ao RLTX 2022.

Ao mesmo tempo, tense aprobado o expediente 2023-SUPLE 04, de importe 4.447.929,29 €, e o expediente 2023-CREXT-04, de importe 2.807.770,44 €, para atender diversas necesidades municipais do exercicio.

Xa por último, téñense aprobados os expedientes de incorporación de remanentes de crédito 2023-INCOR-10 (262.625,05 €) e 2023-INCOR-12 (169.538,92 €) correspondentes a saldos de gastos debidamente comprometidos no ano 2022 -en fase AD ou D- que achegan financiamento a facturas ou xustificantes de gasto, que non estando contabilizados como OPA, tiveron entrada neste exercicio non puideron ser aprobados eses gastos ou facturas no exercicio anterior.

Feitas as consideracións anteriores, as modificacións de crédito extraordinario 2023-CREXT-05 e de suplemento de crédito 2023-SUPLE-05 que se propoñen aprobar, teñen como obxecto atender a diversas necesidades municipais neste exercicio, por un importe total de 512.811,00 €.

III. DETERMINACIÓN DO IMPORTE PENDENTE DE APLICAR NO CONCELLO EN RELACIÓN AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS RESULTANTE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2022

O importe do remanente líquido de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento do Concello do exercicio 2022 (en diante RLTX 2022) foi de 24.871.961,04 euros.

Ao longo do presente exercicio, fíxose uso deste recurso financeiro seguindo a normativa vixente, segundo o detalle das aplicacións deste recurso que se amosan no seguinte cadro explicativo:

Importe OPAS informe intervención á liquidación 2022	13.384.722,83
Importe saldo real OPAS 2022	13.310.295,50
Importe OPAS 2022 anuladas e recoñecidas como PPA	70.414,95
Importe OPAS 2022 anuladas por duplicidade	4.012,38
Cadre de saldo de OPAS 2022	0,00

Detalle da aplicación actual do RLTX do exercicio 2022

Importe do RLTX do exercicio 2022	24.871.961,04
Importe saldo OPAS liquidación orzamento 2022	13.310.295,50
Importe saldo PPA liquidación orzamento 2022	70.414,95
Importe pagos domiciliados 2021 sen imputación orzamentaria liquidación orzamento 2022	57.826,54
Importe pagos domiciliados 2022 sen imputación orzamentaria liquidación orzamento 2022	91.348,29

Aplicación realizada para saldar as OPAS 2022	Financiamento	Importe	Expediente aprobado ou en tramitación
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2022 ou CREXT do último trimestre do exercicio) para OPAS	RLTX 2022	5.755.050,63	2023-INCOOR-08
Incorporación de remanentes (saldos de RC, AD ou D do exercicio 2022) para OPAS contabilizadas	RLT afectado	3.178.606,18	
Pagamento OPAS contabilizadas ou en trámite de aprobación con cargo aos créditos iniciais do orzamento 2023	Recurso ordinario	2.522.891,54	
Aplicación do RLTX para OPAS	RLTX 2022	1.853.747,15	2023-CREXT-02
Saldo de OPAS contabilizadas e outros gastos con crédito habilitado		13.310.295,50	

Aplicación realizada para PPA e pagos domiciliados 2021 e 2022	Financiamento	Importe	Expediente aprobado ou en tramitación
Aplicación do RLTX para PPA 2022 sen imputación orzamentaria	RLTX 2022	70.414,95	2023-CREXT-02
Aplicación do RLTX para Pagos domiciliados 2021 sen imputación orzamentaria	RLTX 2022	57.826,54	2023-CREXT-02
Aplicación do RLTX para Pagos domiciliados 2022 sen imputación orzamentaria	RLTX 2022	91.348,29	2023-CREXT-02
PPA e pagos domiciliados sen imputación orzamentaria 2021_2022 con crédito habilitado		219.589,78	

Saldo pendente de aplicar do RLTX 2022 para outras finalidades	17.043.573,48
---	----------------------

Outras aplicacións do RLTX 2022	Financiamento	Importe	Expediente aprobado ou en tramitación
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2022) para subvencións	RLTX 2022	799.783,01	2023-INCOOR-08
Incorporación de remanentes (saldos de AD ou D do exercicio 2022) para outros gastos	RLTX 2022	222.431,82	2023-INCOOR-08
Incorporación de remanentes para investimentos (2022-CREXT-04; 2022-CREXT-09; 2022-CREXT-17)	RLTX 2022	3.649.766,80	2022-INCOOR-08
TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de modificación das bases de execución, se no prazo sinalado ao efecto non se presentase ningunha reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboeiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

No transcurso do debate do presente asunto, o grupo municipal do PP solicita a retirada da proposta, polo que se procede á votación desa solicitude.

O Pleno da Corporación por 10 votos a favor dos/as concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, e 14 votos en contra dos/as concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) rexeita a petición de retirada do asunto da orde do día da sesión.

Á vista da proposta transcrita, e do ditame favorable da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización a Administración, Facenda e Especial de Contas correspondente á sesión extraordinaria urxente do día 21 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor dos/as concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE) e 10 votos en contra dos/as concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, acorda:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente a modificación da Base 40ª.B, parágrafo terceiro de execución do orzamento 2023, eliminando a mención á limitación do ano corrente e o parágrafo *in fine*. A nova redacción é a seguinte (os cambios figuran en negriña):

“B. Contratos menores

O réxime e tramitación dos contratos menores regúlase no artigos 29.8, 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

A contía –valor estimado- por obxecto e ano non pode exceder das sinaladas no artigo 118 da antedita Lei, que son, IVE excluído:

- | | |
|-------------------------------------|---------------------|
| a) Para obras | inferior a 40.000 € |
| b) Para subministracións e servizos | inferior a 15.000 € |

Os citados contratos non poden ter unha duración superior ao ano, ser obxecto de prórroga ou revisión de prezos nin supor fraccionamento.

Os trámites para a súa autorización e disposición, así como o órgano competente para elo, son os sinalados na base 23ª destas.

A tramitación dos contratos menores esixe que no expediente se xustifique a necesidade do gasto e que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, requirirase para a súa tramitación informe-proposta motivado co visto bo da concellería correspondente, indicando o proveedor proposto para a adxudicación do gasto, e documento contable previo de autorización e disposición (AD) que será confirmado polo Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade, unha vez se aprobe a adxudicación do contrato polo órgano competente. De tratarse dun contrato de obras requirirase, ademais, o orzamento destas, sen prexuízo do correspondente proxecto cando as normas específicas así o requiran e do informe de supervisión cando os traballos afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra, a respecto dos cales tamén se incluírá o informe do técnico competente.”

SEGUNDO: Na tramitación deste expediente de modificación das bases de execución, serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente expoñerase ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

TERCEIRO: Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de modificación das bases de execución, se no prazo sinalado ao efecto non se presentase ningunha reclamación, e publicarase o resumo por capítulos no Boletín

Oficial da Provincia e no taboeiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

8. SECRETARÍA XERAL. Referencia: 2023/00032163J.
APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 2023-SUPLE-01 DO AUDITORIO DE GALICIA.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

1. A proposta do director-xerente do Auditorio de Galicia, o Consello Reitor deste organismo autónomo, na súa sesión do 14 de xullo de 2023, acordou propoñerlle ao Concello a aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria Suplemento de Crédito 2023-SUPLE-01 - AUDITORIO.

A modificación proposta ascende a un importe de 120.000,00 euros e ten por obxecto financiar gasto dos festivais de cinema “Curtocircuíto 2023” e “Cineuropa 2023” e, á súa vez, finánciase con remanente líquido de tesouraría para gastos xerais do exercicio 2022.

2. O interventor xeral e do Auditorio de Galicia informou a proposta de modificación orzamentaria en data 14 de xullo de 2023.

3. A Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación orzamentaria do Auditorio de Galicia en data 17 de xullo de 2023.

4. A Comisión informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, na sesión extraordinaria do día 20 de xullo de 2023, ditaminou favorablemente a modificación orzamentaria de suplemento de crédito.

CONSIDERACIÓNS

A normativa que resulta de aplicación é a seguinte:

Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, artigos 34 a 38 e 60.2.

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura de orzamentos das Entidades Locais modificada pola Orde HAP/419/2014 de 14 de marzo.

Instrución do modelo normal de contabilidade para a administración local aprobada pola Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro (ICAL).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven obrigas de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Base 21ª das Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2022 prorrogadas ao exercicio 2023.

PROPOSTA

Á vista de canto antecede, propónse ao Pleno, que adopte os seguintes acordos:

Primeiro. Aprobación do proxecto de modificación do Orzamento Xeral correspondente ao expediente Suplemento de Crédito 2023-SUPLE-01 – AUDITORIO, para financiar a realización dos festivais de cinema “Curtocircuíto 2023” e “Cineuropa 2023” con Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais do ano 2022, por importe de 120.000,00 euros.

O expediente ten o seguinte detalle:

- Suplemento de Crédito:

33401	22706	Festiva Internacional de Cinema Cineuropa	60.000,00
33402	22706	Festiva Internacional de Curtametraxes Curtocircuíto	60.000,00

- Financiamento: remanente de tesouraría para gastos xerais: 120.000,00 euros.

Segundo. O acordo de aprobación inicial da modificación orzamentaria exporase ao público durante quince días hábiles, de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLFL.

Se contra o acordo de aprobación inicial non se formulase ningunha reclamación elevarse automaticamente a definitivo, e publicarase resumido por capítulos no BOP e no Taboleiro de anuncios do Auditorio, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

Á vista da proposta transcrita o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, acorda:

Primeiro. Aprobación do proxecto de modificación do Orzamento Xeral correspondente ao expediente Suplemento de Crédito 2023-SUPLE-01 – AUDITORIO, para financiar a realización dos festivais de cinema “Curtocircuíto 2023” e “Cineuropa 2023” con Remanente líquido de tesouraría para gastos xerais do ano 2022, por importe de 120.000,00 euros.

O expediente ten o seguinte detalle:

- Suplemento de Crédito:

33401	22706	Festiva Internacional de Cinema Cineuropa	60.000,00
33402	22706	Festiva Internacional de Curtametraxes Curtocircuíto	60.000,00

- Financiamento: remanente de tesouraría para gastos xerais: 120.000,00 euros.

Segundo. O acordo de aprobación inicial da modificación orzamentaria exporase ao público durante quince días hábiles, de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLFL.

Se contra o acordo de aprobación inicial non se formulase ningunha reclamación elevarse automaticamente a definitivo, e publicarase resumido por capítulos no BOP e no Taboleiro de anuncios do Auditorio, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

9. TESOURERÍA. Referencia: **2023/00005369S.**

DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA A RECADACIÓN EXECUTIVA DAS SANCIÓNS MUNICIPAIS POR INFRACCIÓN QUE SE DEDUZAN DA LEI SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL, E DAS ORDENANZAS MUNICIPAIS SOBRE TRÁFICO VIAL, E SOBRE ORDENACIÓN E REGULACIÓN DE APARCAMENTO E APARCAMENTO DE RESIDENTES.

A proposta é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES

O Concello de Santiago de Compostela, a proposta dos Concelleiros de Facenda e Tráfico, adoptou no Pleno de data 29 de marzo de 2012 o acordo de delegar na Excmá Deputación Provincial de A Coruña a recadación executiva das sancións municipais por infraccións que se deduzan da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, e das ordenanzas municipais sobre tráfico vial e sobre ordenación e regulación do aparcamento, e aparcamento de residentes; e aprobar as bases para a prestación do servizo pola Excmá. Deputación Provincial de A Coruña.

Mediante esta delegación e para os ingresos recollidos no ámbito da delegación: o Concello dita e emite a providencia de prema e resolve os recursos que se presenten contra a providencia de prema; e a Deputación desenvolve e executa o expediente de prema desde o seu inicio -coa notificación da providencia de prema- ata a súa terminación, sexa esta por cobro, insolvencia ou calquera outro dos motivos legalmente establecidos.

Ao longo dos dez anos de delegación se pode acreditar o bo funcionamento da delegación. Se ben as razóns deste bo funcionamento son variadas ten especial relevancia o feito de que unha parte importante das sancións que pasan á vía executiva afectan a condutores con residencia na comarca polo que a Deputación, co seu ámbito territorial mais amplo, é mais efectiva que o Concello.

Debe salientarse tamén que tanto o número de sancións como o importe dos ingresos delegados foron incrementándose ao incrementarse tanto os medios de control das infraccións (radares, fotorroxos, ...), como as infraccións sancionadas. Por esta mesma razón se aprecia un incremento dos importes ingresados en voluntaria e dos importes e sancións tramitados e ingresados en executiva.

A cláusula sétima das bases, relativa ao período de vixencia da delegación, establecía que o prazo de vixencia da delegación de competencias sería de dez anos contados a partir da entrada en vigor da mesma. Transcorrido o prazo de dez anos o acordo delegación anterior perdeu a súa vixencia, procedendo adoptar novo acordo de querer manter a delegación.

A Deputación provincial so ten modificado o contido das bases de delegación a petición do Concello para incluír a cláusula relativa a protección de datos sen que o resto do contido difira do anterior.

A dotación da sección municipal de recadación non ten mellorado nos últimos anos, mais ben ao contrario ten diminuído o número de efectivos. En concreto na recadación executiva non se trata so da carencia de efectivos senón da falta de correspondencia entre a complexidade das tarefas a desenvolver e a cualificación profesional requirida nos postos existentes. As tarefas mais propias do ámbito administrativo están sendo substituídas progresivamente por procesos automatizados, mentres se incrementan as tarefas mais complexas e cualificadas. So o posto de xefa da sección está configurado para a execución das tarefas especialmente complexas a realizar neste ámbito.

Consta no expediente:

- .- A providencia de inicio
- .- As bases definitivas.
- .- Os documentos contables de retención de crédito.
- .- O informe proposta da Tesourería, así como o relativo ao período da delegación requirido polo órgano de xestión económica e contable.
- .- O Informe da Secretaria de Pleno, así como un informe anterior da asesoría xurídica coa observación relativa á protección de datos.
- .- O informe relativo ao cumprimento da normativa orzamentaria emitido polo órgano de xestión económica e contable.

Procede neste momento elaborar a proposta de acordo para a súa fiscalización pola intervención con carácter previo ao ditame da Comisión Informativa e o acordo do Pleno.

Á vista de canto antecede, proponse á Comisión de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, que ditamine o seguinte asunto:

Primeiro.- Delegar na delegar na Excelentísima. Deputación Provincial da Coruña polo período de dez anos a recadación executiva das sancións municipais por infraccións que se deduzan da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Vial, e das Ordenanzas Municipais sobre tráfico vial, e sobre ordenación e regulación de aparcamento e aparcamento de residentes.

Segundo.- Aprobar as bases para a prestación deste servizo pola Excelentísima. Deputación Provincial da Coruña.”

BASES SINGULARES PARA A XESTIÓN POLA EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA POR DELEGACIÓN DA RECADACIÓN EXECUTIVA DAS SANCIÓN S MUNICIPAIS DERIVADAS DE INFRACCIÓN S DE TRÁFICO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA DELEGACIÓN

A Deputación Provincial da Coruña asume, por delegación expresa do Concello de Santiago de Compostela, as competencias en materia de recadación executiva das sanción s municipais por infracción s que se deduzan da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Vial, as Ordenanzas Municipais sobre tráfico vial, sobre ordenación e regulación de aparcamento e aparcamento de residentes e demais normativa vixente de aplicación, que foran instruídas polos órganos competentes do Concello.

SEGUNDA.- ALCANCE DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DELEGADAS

A delegación de competencias suporá que a Deputación asumirá a totalidade das función s e atribución s necesarias para levar a cabo o exercicio das competencias da recadación executiva das sanción s municipais especificadas na Base Primeira.

A actuación da Deputación comezará coa notificación das providencias de prema previamente ditadas polo Tesoureiro do Concello de Santiago de Compostela e remitidas por este ao Servizo de Recadación da Deputación. A estes efectos deberá enviarse á Deputación a documentación e o ficheiro informático que se acorde polas dúas administración s, que conteña a información necesaria para que poida levarse a efecto a xestión obxecto de delegación.

A Deputación da Coruña levará a cabo o desenvolvemento do procedemento de prema en todas as súas fases, de conformidade co previsto na Lei Xeneral Tributaria e no Regulamento Xeneral de Recadación, sen prexuízo das especialidades que afecten á normativa específica de Tráfico e Seguridade Vial.

En particular, será competencia da Deputación:

- a.- A tramitación, concesión e posterior seguimento de aprazamentos e/ou fraccionamentos de pago.
- b.- A declaración de insolvencia e créditos incobrables.
- c.- A suspensión, nos supostos previstos na normativa de aplicación, do procedemento de prema.
- d.- O desenvolvemento e execución do expediente de prema desde o seu inicio –coa notificación da providencia de prema- ata a súa terminación, sexa esta por cobro, insolvencia ou calquera outro dos motivos legalmente establecidos.
- e.- A práctica de embargos.

Corresponderá á Tesourería do Concello de Santiago de Compostela:

- a.- Ditar e emitir a providencia de prema.
- b.- Resolver os recursos que se presenten contra a providencia de prema.

TERCEIRA.- INFORMACIÓN DA XESTIÓN DA DEPUTACIÓN AO CONCELLO

O Concello de Santiago de Compostela terá acceso, en tempo real, a través dos usuarios que se determinen, tanto ao seguimento e control da xestión global realizada por delegación súa, como aos seus expedientes individuais. Disporá a estes efectos de todas as posibilidades de consulta que permita a aplicación de xestión da Deputación, dentro do marco establecido pola lexislación xeneral sobre protección de datos e a normativa específica que para o seu cumprimento teña aprobada a propia Deputación.

Adicionalmente e con carácter anual, dentro do mes natural seguinte á finalización de cada exercicio, a Deputación renderá estado demostrativo da xestión realizada no ano con indicación de: cargos recibidos; pendente de cobro do ano anterior; rectificacións de cargo, cobros e datas; devolucións de ingreso, e pendente de cobro para o ano seguinte.

CUARTA.- TRATAMIENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Tanto o Concello de Santiago de Compostela, como a Deputación da Coruña tratarán os datos de carácter persoal incluídos nos expedientes tramitados en execución da presente delegación, de acordo ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (en diante, RXPd), e á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante LOPdGDD).

O Concello de Santiago de Compostela ten, en relación cos datos de carácter persoal incluídos nos expedientes tramitados en execución da presente delegación, a consideración de Responsable do Tratamento a efectos do Regulamento Xeral de Protección de Datos.

A Deputación Provincial da Coruña ten a consideración de Encargada do Tratamento para os efectos do Regulamento Xeral de Protección de Datos, tal e como sinala a súa Política de Privacidade aprobada por Resolución 38303/2018 (modificada pola Resolución 27803/2019), ao tratarse dun tratamento de datos que son facilitados polo Concello de Santiago de Compostela para o exercicio de actividades de asistencia e asesoramento en desenvolvemento das facultades delegadas en materia de recadación executiva das sancións municipais de tráfico.

De conformidade cos artigos 28 e 33 da LOPdGDD, considéranse medidas técnicas e organizativas axeitadas para garantir e acreditar que o tratamento a realizar pola Deputación provincial da Coruña como encargada do tratamento é conforme co antedito RGPD, coa LOPdGDD e demais normativa de aplicación, o cumprimento pola mesma da súa Política de Seguridade da Información e as normas técnicas de seguridade e de uso que a desenvolven, así como a súa Política de Privacidade, sendo suficientes para combater os maiores riscos que puidesen producirse ao tratarse dun tratamento masivo que implica a un gran número de afectados e implica a recollida e tratamento dunha gran cantidade de datos persoais.

A Deputación da Coruña, como encargada do tratamento asumirá, mediante a aceptación da delegación, todas as obrigacións establecidas no art. 28.3 do RGPD.

QUINTA.- TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DELEGADOS

A taxa a aboar polo Concello de Santiago de Compostela pola xestión realizada obxecto de delegación nestas Bases, será o equivalente á totalidade do recargo do

período executivo que corresponda (10 ou 20%) relativa ás sancións que foran efectivamente recadadas.

SEXTA.- LIQUIDACIÓN AO CONCELLO DOS INGRESOS RECADADOS

A recadación líquida obtida a favor do Concello de Santiago de Compostela, liquidarase por trimestres. A de cada trimestre será entregada dentro do trimestre inmediatamente seguinte. En dita liquidación descontarase a taxa pola prestación do servizo que corresponda, de conformidade co previsto na base anterior.

SÉTIMA.- VIXENCIA DA DELEGACIÓN

O prazo de vixencia da delegación de competencias regulada nestas Bases será de dez anos contados a partir da entrada en vigor da mesma.

Sen embargo poderase dar fin a dita delegación en calquera momento, por mutuo acordo das partes.

OITAVA.- ACORDOS DE DELEGACIÓN E ACEPTACIÓN

O procedemento para formalizar a delegación na Deputación das competencias e funcións que se detallan nas presentes Bases será o seguinte:

- 1º.- Acordo de delegación de competencias e aprobación destas Bases adoptado polo Pleno do Concello de Santiago de Compostela.
- 2º.- Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e traslado do mesmo á Deputación, mediante certificación expedida polo Secretario Xeral do Concello de Santiago de Compostela.
- 3º.- Acordo adoptado polo Pleno da Deputación, aprobando as Bases e aceptando a delegación nos termos das mesmas.
- 4º.- Publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeneral coñecemento.

NOVENA.- ENTRADA EN VIGOR

A entrada en vigor da delegación producirase con efectos do primeiro día do mes seguinte á última publicación das previstas na Base anterior. A delegación poderá afectar á xestión executiva de aquelas sancións anteriores á data de entrada en vigor que estando en vía executiva na data en que se entreguen á Deputación o prazo para a prescrición non sexa inferior a seis meses.

DÉCIMA.- NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO

Habilitase á Presidencia da Deputación para ditar as normas necesarias para o adecuado desenvolvemento das presentes bases e para unha mellor execución das competencias obxecto de delegación.”

Terceiro.- Autorizar o gasto correspondente a favor da Excelentísima Deputación Provincial de A Coruña que estende os seus efectos a exercicios económicos futuros con cargo a aplicación orzamentaria 030 93200 2270800 coa seguinte desagregación anual:

2023: 100.000,00

2024: 150.000,00
2025: 150.000,00
2026: 150.000,00
2027: 150.000,00
2028: 150.000,00
2029: 150.000,00
2030: 150.000,00
2031: 150.000,00
2032: 150.000,00
2033: 50.000,00

Consonte co establecido no artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/1990, do 20 de abril, o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.”

Á vista da proposta transcrita e ao ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Modernización da Administración, Facenda e Especial de Contas, correspondente a súa sesión extraordinaria do día 20 de xullo do corrente ano, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras, acorda:

Primeiro.- Delegar na delegar na Excelentísima. Deputación Provincial da Coruña polo período de dez anos a recadación executiva das sancións municipais por infraccións que se deduzan da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Vial, e das Ordenanzas Municipais sobre tráfico vial, e sobre ordenación e regulación de aparcamento e aparcamento de residentes.

Segundo.- Aprobar as bases para a prestación deste servizo pola Excelentísima. Deputación Provincial da Coruña.”

BASES SINGULARES PARA A XESTIÓN POLA EXCMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA POR DELEGACIÓN DA RECADACIÓN EXECUTIVA DAS SANCIÓNS MUNICIPAIS DERIVADAS DE INFRACCIÓNS DE TRÁFICO DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA DELEGACIÓN

A Deputación Provincial da Coruña asume, por delegación expresa do Concello de Santiago de Compostela, as competencias en materia de recadación executiva das sancións municipais por infraccións que se deduzan da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a motor e Seguridade Vial, as Ordenanzas Municipais sobre tráfico vial, sobre ordenación e regulación de aparcamento e aparcamento de residentes e demais normativa vixente de aplicación, que foran instruídas polos órganos competentes do Concello.

SEGUNDA.- ALCANCE DO EXERCICIO DAS COMPETENCIAS DELEGADAS

A delegación de competencias suporá que a Deputación asumirá a totalidade das funcións e atribucións necesarias para levar a cabo o exercicio das competencias da recadación executiva das sancións municipais especificadas na Base Primeira.

A actuación da Deputación comezará coa notificación das providencias de prema previamente ditadas polo Tesoureiro do Concello de Santiago de Compostela e remitidas por este ao Servizo de Recadación da Deputación. A estes efectos deberá enviarse á Deputación a documentación e o ficheiro informático que se acorde polas dúas administracións, que conteña a información necesaria para que poida levarse a efecto a xestión obxecto de delegación.

A Deputación da Coruña levará a cabo o desenvolvemento do procedemento de prema en todas as súas fases, de conformidade co previsto na Lei Xeneral Tributaria e no Regulamento Xeneral de Recadación, sen prexuízo das especialidades que afecten á normativa específica de Tráfico e Seguridade Vial.

En particular, será competencia da Deputación:

- a.- A tramitación, concesión e posterior seguimento de aprazamentos e/ou fraccionamentos de pago.
- b.- A declaración de insolvencia e créditos incobrables.
- c.- A suspensión, nos supostos previstos na normativa de aplicación, do procedemento de prema.
- d.- O desenvolvemento e execución do expediente de prema desde o seu inicio –coa notificación da providencia de prema- ata a súa terminación, sexa esta por cobro, insolvencia ou calquera outro dos motivos legalmente establecidos.
- e.- A práctica de embargos.

Corresponderá á Tesourería do Concello de Santiago de Compostela:

- a.- Ditar e emitir a providencia de prema.
- b.- Resolver os recursos que se presenten contra a providencia de prema.

TERCEIRA.- INFORMACIÓN DA XESTIÓN DA DEPUTACIÓN AO CONCELLO

O Concello de Santiago de Compostela terá acceso, en tempo real, a través dos usuarios que se determinen, tanto ao seguimento e control da xestión global realizada por delegación súa, como aos seus expedientes individuais. Disporá a estes efectos de todas as posibilidades de consulta que permita a aplicación de xestión da Deputación, dentro do marco establecido pola lexislación xeneral sobre protección de datos e a normativa específica que para o seu cumprimento teña aprobada a propia Deputación.

Adicionalmente e con carácter anual, dentro do mes natural seguinte á finalización de cada exercicio, a Deputación renderá estado demostrativo da xestión realizada no ano con indicación de: cargos recibidos; pendente de cobro do ano anterior; rectificacións de cargo, cobros e datas; devolucións de ingreso, e pendente de cobro para o ano seguinte.

CUARTA.- TRATAMIENTO DOS DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Tanto o Concello de Santiago de Compostela, como a Deputación da Coruña tratarán os datos de carácter persoal incluídos nos expedientes tramitados en execución da presente delegación, de acordo ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (en diante, RXPd), e á Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante LOPdGDD).

O Concello de Santiago de Compostela ten, en relación cos datos de carácter persoal incluídos nos expedientes tramitados en execución da presente delegación, a consideración de Responsable do Tratamento a efectos do Regulamento Xeral de Protección de Datos.

A Deputación Provincial da Coruña ten a consideración de Encargada do Tratamento para os efectos do Regulamento Xeral de Protección de Datos, tal e como sinala a súa Política de Privacidade aprobada por Resolución 38303/2018 (modificada pola Resolución 27803/2019), ao tratarse dun tratamento de datos que son facilitados polo Concello de Santiago de Compostela para o exercicio de actividades de asistencia e asesoramento en desenvolvemento das facultades delegadas en materia de recadación executiva das sancións municipais de tráfico.

De conformidade cos artigos 28 e 33 da LOPDGDD, considéranse medidas técnicas e organizativas axeitadas para garantir e acreditar que o tratamento a realizar pola Deputación provincial da Coruña como encargada do tratamento é conforme co antedito RGPD, coa LOPDGDD e demais normativa de aplicación, o cumprimento pola mesma da súa Política de Seguridade da Información e as normas técnicas de seguridade e de uso que a desenvolven, así como a súa Política de Privacidade, sendo suficientes para combater os maiores riscos que puidesen producirse ao tratarse dun tratamento masivo que implica a un gran número de afectados e implica a recollida e tratamento dunha gran cantidade de datos persoais.

A Deputación da Coruña, como encargada do tratamento asumirá, mediante a aceptación da delegación, todas as obrigacións establecidas no art. 28.3 do RGPD.

QUINTA.- TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DELEGADOS

A taxa a aboar polo Concello de Santiago de Compostela pola xestión realizada obxecto de delegación nestas Bases, será o equivalente á totalidade do recargo do período executivo que corresponda (10 ou 20%) relativa ás sancións que foran efectivamente recadadas.

SEXTA.- LIQUIDACIÓN AO CONCELLO DOS INGRESOS RECADADOS

A recadación líquida obtida a favor do Concello de Santiago de Compostela, liquidarase por trimestres. A de cada trimestre será entregada dentro do trimestre inmediatamente seguinte. En dita liquidación descontarase a taxa pola prestación do servizo que corresponda, de conformidade co previsto na base anterior.

SÉTIMA.- VIXENCIA DA DELEGACIÓN

O prazo de vixencia da delegación de competencias regulada nestas Bases será de dez anos contados a partir da entrada en vigor da mesma.

Sen embargo poderase dar fin a dita delegación en calquera momento, por mutuo acordo das partes.

OITAVA.- ACORDOS DE DELEGACIÓN E ACEPTACIÓN

O procedemento para formalizar a delegación na Deputación das competencias e funcións que se detallan nas presentes Bases será o seguinte:

- 1º.- Acordo de delegación de competencias e aprobación destas Bases adoptado polo Pleno do Concello de Santiago de Compostela.
- 2º.- Publicación do acordo anterior no Boletín Oficial da Provincia e traslado do mesmo á Deputación, mediante certificación expedida polo Secretario Xeral do Concello de Santiago de Compostela.
- 3º.- Acordo adoptado polo Pleno da Deputación, aprobando as Bases e aceptando a delegación nos termos das mesmas.
- 4º.- Publicación do acordo no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, para xeneral coñecemento.

NOVENA.- ENTRADA EN VIGOR

A entrada en vigor da delegación producirase con efectos do primeiro día do mes seguinte á última publicación das previstas na Base anterior. A delegación poderá afectar á xestión executiva de aquelas sancións anteriores á data de entrada en vigor que estando en vía executiva na data en que se entreguen á Deputación o prazo para a prescripción non sexa inferior a seis meses.

DÉCIMA.- NORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO

Habilitase á Presidencia da Deputación para ditar as normas necesarias para o adecuado desenvolvemento das presentes bases e para unha mellor execución das competencias obxecto de delegación.”

Terceiro.- Autorizar o gasto correspondente a favor da Excelentísima Deputación Provincial de A Coruña que estende os seus efectos a exercicios económicos futuros con cargo a aplicación orzamentaria 030 93200 2270800 coa seguinte desagregación anual:

2023: 100.000,00
2024: 150.000,00
2025: 150.000,00
2026: 150.000,00
2027: 150.000,00
2028: 150.000,00
2029: 150.000,00
2030: 150.000,00
2031: 150.000,00
2032: 150.000,00
2033: 50.000,00

Consonte co establecido no artigo 174 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/1990, do 20 de abril, o gasto queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento.

10. DECLARACIÓN INSTITUCIONAL PARA REXEITAR A CENSURA NO MUNDO DA CULTURA E MANIFESTAR O COMPROMISO COA LIBERDADE DE EXPRESIÓN ARTÍSTICA.

Desde a constitución das novas corporación locais, xa hai case un mes, a sociedade está asistindo ao goteo constante de episodios de censura de actos culturais por todas

as cidades e vilas do país. Unha censura cultural promovida polo partido de ultradereita Vox, alí onde teñen cargos de responsabilidade coma alcaldes ou concelleiros de goberno.

Falamos de numerosos casos coma a cancelación da obra 'Muero porque no muero' de Paco Becerra nos Teatros del Canal en Madrid, a obra "Nua" de Ann Perelló en Palma, a representación de "Orlando" da compañía teatro Defondo en Valdemorillo, a representación da "Villana de Getafe" de Lope de Vega nesa vila madrileña, ou a cancelación da proxección da película "Lighthouse" en Santa Cruz de Bezana (Cantabria), entre moitos outros casos. Todos estes casos non son anecdóticos ou illados, parecen responder a unha estratexia de "guerra cultural" que a ultradereita quere levar a cabo dende as institucións públicas, estratexia que non ocultan, senón que a reafirman publicamente. O que supón un ataque directo ás liberdades que tanto custou conseguir neste país.

Todas as persoas demócratas debemos ser conscientes que esta agresión á liberdade de expresión supón un retroceso inaceptable na nosa sociedade, e temos o deber de defender todas e cada unha das conquistas democráticas que conseguimos nos últimos corenta anos de democracia. Dende as institucións debemos garantir a liberdade artística e protexer o sector cultural fronte aos que queren volver aos tempos da censura. A cultura é un dereito fundamental que, na súa creación, expresión e acceso, non debería someterse a ningún tipo de censura.

Por todo isto a Corporación municipal do Concello de Santiago de Compostela quere manifestar o seu absoluto rexeitamento e condena de todos os actos de censura que se están a producir en todo o país, reafirmamos o noso compromiso e defensa coa liberdade de expresión e artística, e mostramos o noso total apoio ao mundo cultural. Xa que sen cultura non hai democracia.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes, aprobou a declaración institucional transcrita que ven asinada polos portavoces dos catro grupos políticos municipais (BNG, CA, PP e PSdeG-PSOE).

11. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA A ELABORACIÓN DUN PLAN ESTRATÉXICO MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO.

O texto da proposición presentada ten o seguinte contido:

"O Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As entidades do terceiro sector desempeñan un papel fundamental na sociedade e realizan unha ampla gama de actividades para abordar diferentes problemáticas e necesidades. No noso concello temos un tecido asociativo relevante e non temos ningún plan estratéxico municipal para traballar no eido do voluntariado.

Estas entidades forman cidade e moitos dos seus proxectos céntranse en:

- Prestación de servizos sociais a comunidades e grupos en situación de vulnerabilidade. Estes servizos inclúen atención a persoas maiores, apoio a persoas con necesidades especiais, asistencia a persoas en situación de pobreza, atención a

vítimas de violencia, entre outros.

- Educación e formación, brindando oportunidades de aprendizaxe a persoas de todas as idades e transfondos. Isto pode incluír programas de educación formal e non formal, capacitación laboral, talleres e actividades para o desenvolvemento de habilidades.
- Promoción do voluntariado onde fomentan a participación cidadá a través do voluntariado. Organizan programas e proxectos de voluntariado, captan e capacitan a persoas voluntarias, e coordinan a súa participación en diferentes áreas de traballo, desde a asistencia social ata o medio ambiente ou a cultura.
- Estas son só algunhas das accións e funcións que desempeñan as entidades na nosa cidade. O seu labor é diversa e variada, e a súa contribución á sociedade é invaluable na procura dun mundo máis xusto, equitativo e solidario.
- O voluntariado é un pilar fundamental para o desenvolvemento social, a cohesión comunitaria e a mellora da calidade de vida no noso concello. É unha oportunidade para traballar e mellorar a empregabilidade das persoas a través da adquisición de habilidades e competencias a través do seu labor e a formación recibida para iso.

A creación dun Plan Estratéxico Municipal de Voluntariado en Santiago de Compostela é unha iniciativa fundamental para fortalecer a participación cidadá, abordar as necesidades específicas da nosa comunidade, fomentar a colaboración entre entidades e organizacións, promover o desenvolvemento persoal dos voluntarios e mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns.

Tendo como referencia a Lei 10/2011, do 28 de novembro de acción voluntaria e valorando os datos expostos con anterioridade propoñemos que se adopte a seguinte resolución:

O Pleno do Concello de Santiago insta ao Goberno local a creación dun Plan Estratéxico Municipal de Voluntariado en Santiago de Compostela cos seguintes obxectivos:

1. Fortalecer a participación cidadá que fomentará e facilitará a participación activa.
2. Brindar un marco organizativo claro, establecendo programas e proxectos específicos que permitan ás persoas voluntarias contribuír de maneira efectiva na mellora do noso concello. Isto fortalecerá o sentido de pertenza, a solidariedade e a responsabilidade cívica dos cidadáns cara a Santiago de Compostela.
3. Establecer unha colaboración real e efectiva entre entidades e organizacións: este plan tamén facilitará a colaboración e coordinación entre as diferentes entidades do terceiro sector, as institucións locais e os voluntarios. Esta sinerxia permitirá unha xestión máis eficiente e unha optimización dos recursos dispoñibles, evitando duplicidades e promovendo a colaboración para alcanzar obxectivos comúns.
4. Mellorar a adquisición de habilidades e competencias por parte das persoas voluntarias ofrecendo programas de formación e capacitación para as persoas voluntarias, permitíndolles desenvolver competencias como traballo en equipo, liderado, empatía e resolución de problemas. Estas habilidades serán valiosas tanto para o seu desenvolvemento persoal como para a súa inserción no mercado laboral

segundo reflicten varios estudos concluíntes.”

Auséntase da sesión no transcurso do debate a concelleira dona Pilar Lueiro García cando son as 10:55 horas.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP e 13 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (5 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE), acorda instar ao Goberno local a creación dun Plan Estratéxico Municipal de Voluntariado en Santiago de Compostela cos seguintes obxectivos:

1. Fortalecer a participación cidadá que fomentará e facilitará a participación activa.
2. Brindar un marco organizativo claro, establecendo programas e proxectos específicos que permitan ás persoas voluntarias contribuír de maneira efectiva na mellora do noso concello. Isto fortalecerá o sentido de pertenza, a solidariedade e a responsabilidade cívica dos cidadáns cara a Santiago de Compostela.
3. Establecer unha colaboración real e efectiva entre entidades e organizacións: este plan tamén facilitará a colaboración e coordinación entre as diferentes entidades do terceiro sector, as institucións locais e os voluntarios. Esta sinerxia permitirá unha xestión máis eficiente e unha optimización dos recursos dispoñibles, evitando duplicidades e promovendo a colaboración para alcanzar obxectivos comúns.
4. Mellorar a adquisición de habilidades e competencias por parte das persoas voluntarias ofrecendo programas de formación e capacitación para as persoas voluntarias, permitíndolles desenvolver competencias como traballo en equipo, liderado, empatía e resolución de problemas. Estas habilidades serán valiosas tanto para o seu desenvolvemento persoal como para a súa inserción no mercado laboral segundo reflicten varios estudos concluíntes.

12. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA CREACIÓN DUNHA RESIDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE GRAVEMENTE AFECTADAS.

O texto da proposición ten o seguinte contido:

“O Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 15.1.e) da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, recolle dentro do catálogo de servizos de atención á dependencia, os centros “de atención a persoas en situación de dependencia, en razón dos distintos tipos de discapacidade”.

No contexto social actual fanse necesarios os servizos de atención á discapacidade, destinados a proporcionar unha atención integral a persoas que, pola gravidade da súa discapacidade e pola súa problemática sociofamiliar ou económica, atopan importantes dificultades para acadar unha atención especializada.

Así pois, un dos colectivos que segue necesitando atención na nosa cidade é o das persoas con discapacidade con necesidades de apoio extenso e xeneralizado, para as que, actualmente Santiago só conta con 35 prazas autorizadas de atención residencial nun centro para persoas gravemente afectadas, segundo figura no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS).

Son residencias para persoas con discapacidade gravemente afectadas as que procuran, en réxime de internado, unha atención integral a aquelas persoas maiores de 16 anos con minusvalías graves que non poden acudir a outros centros máis normalizados, sempre que precisen da axuda doutra persoa para a realización das actividades da vida diaria e non poidan ser atendidos no seu medio familiar habitual.

O Partido Popular consciente das elevadas necesidades asistenciais que presentan as persoas en situación de dependencia e, especificamente, as persoas con discapacidade, e, tendo en conta a escasa oferta de prazas de atención residencial na nosa cidade, considera necesaria a adopción de medidas para a creación de recursos con estas características para os efectos do cal propoñemos a seguinte resolución:

O pleno insta ao correspondente órgano do Goberno local a dar os pasos necesarios para a posta en marcha dun centro de atención residencial para persoas con discapacidade gravemente afectadas que preste una atención integral a persoas con discapacidade con necesidades de apoio extenso e xeneralizado.”

Á presente proposición presenta emenda o grupo municipal de CA, transaccionada polo grupo municipal do PP, transacción que non foi aceptada, rexeitándose en consecuencia tamén a emenda do grupo municipal CA.

Reincorpórase á sesión a concelleira dona Pilar Lueiro García, cando son as 11:10 horas.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG, de CA e do PSdeG-PSOE (6 BNG, 2 CA e 6 PSdeG-PSOE), acorda instar ao correspondente órgano do goberno local a dar os pasos necesarios para a posta en marcha dun centro de atención residencial para persoas con discapacidade gravemente afectadas que preste una atención integral a persoas con discapacidade con necesidades de apoio extenso e xeneralizado.

13. PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A RATIFICACIÓN DA CESIÓN DA CASA DA XUVENTUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

A proposición do epígrafe ten o seguinte contido:

“O Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Santiago de Compostela, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte PROPOSICIÓN para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A situación e solución da Casa da Xuventude é unha cuestión amplamente debatida ao longo das últimas catro corporacións locais que tivo Compostela. Claramente se

distinguen dúas solucións factibles, derrubar unha dotación pública por un mero motivo estético, ou reformala e convertela nun espazo polivalente público e útil. Ao longo desta última década, a falta de inversións e os usos que se deron ao inmovible, propiciaron un deterioro bastante importante do mesmo. No mandato pasado tomáronse una serie de medidas que, ao parecer do Grupo Socialista, foron e son as necesarias para lograr reverter esta situación.

Primeiro encargouse un informe para que se avaliasse o estado do inmovible. En maio de 2021 dito informe, asinado por un arquitecto técnico, concluíu que *“o edificio non se atopa en condicións para un uso seguro. E necesario acometer as obras de reforma necesarias para emendar os defectos relatados para poder utilizar o edificio con garantías”*. A súa vez dende o Servizo de Obras e Proxectos, no marco de solicitudes de expresión de cara os Fondos NextGeneration preparouse una memoria na que se valoraba a reforma necesaria para unha postaa punto deste equipamento público. En dita expresión de interese xa se contemplaba como mínimo unha inversión de un millón de euros (excluíndo a redacción de proxecto e a dirección da obra), para unha posta a punto que permitise o seu uso.

A conexión entre a praza do Matadoiro e o parque de Belvís, tamén é unha cuestión á que se quixo dar solución cunha actuación integral. Como xa recolle o noso PXOM, a solución máis factible consiste no acondicionamento dun paso a través dun espazo existente entre o edificio da casa e a propiedade privada adxacente cun muro perimetral de pedra de peche. Ademais, se deben realizar unha serie de accións na envolvente do edificio dirixidas a mellorar esta conexión, ampliando o paso alá onde sexa estruturalmente posible, retranqueando o peche da planta baixa. Tamén sería necesario acometer actuacións tanto na zona de acceso desde a praza como desde o parque, para adaptalas á nova conexión proposta. Tratarase de obras de reurbanización, mellora de accesibilidade e axardinamento, que permitan integrar adecuadamente a solución de conexión e aseguren unha correcta funcionalidade para os novos fluxos peonís que se van a producir.

Para acadar todo isto, a finais do mandato pasado o goberno de Sánchez Bugallo acordou coa Deputación Provincial a cesión do inmovible. Foi un gran paso, porque este acordo permite non só facer fronte a rehabilitación do inmovible, senón tamén de dotalo de uso, un uso público para a administración pero tamén para toda a veciñanza de Compostela. O concello de Santiago cedería a propiedade durante un período de 25 anos e convocaríase un concurso de ideas para acometer a rehabilitación integral do inmovible, buscando unha mellor integración no entorno, máis accesibilidade e eficiencia enerxética, así como adaptar o inmovible a novos usos e servizos á cidadanía.

Ademais da rehabilitación integral do inmovible, prevíase tamén a remodelación da praza do Matadoiro, abríndoa ao parque de Belvís en coherencia co novo acceso ao parque previsto no planeamento vixente.

O custo da rehabilitación estimouse en 1.346.000 euros, que sería asumida nun 74% pola Deputación (case un millón de euros) e nun 26% polo Concello de Santiago. O inmovible conta actualmente cunha superficie construída de 1.700 m², e a distribución por plantas conforme o acordo sería a seguinte:

- A planta baixa en súa maioría serían espazos comúns, e as actuais oficinas acollerían os servizos de recadación da Deputación.
- O primeiro andar destinarase a crear un novo espazo de coworking da Rede

Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo da Deputación, e a outros usos provinciais no eido cultural, educativo e de servizos sociais que beneficiarían a toda a comarca de Santiago.

- O segundo andar estará destinado a usos do Concello, para a prestación deservizos municipais á cidadanía.

- Aproveitarase o auditorio existente e unha vez rehabilitado e acondicionado será un elemento de uso compartido entre Concello e Deputación, e terá acceso dende todos os espazos comúns.

Neste acordo de cesión a Deputación da Coruña promoverá as obras de rehabilitación e redactará, aprobará e financiará o proxecto necesario para a execución da obra, previa supervisión polo Concello de Santiago. Corresponderalle tamén á entidade provincial a contratación, adxudicación e dirección das obras así como a coordinación da seguridade e saúde e control de calidade das mesmas. Ademais, durante o tempo que dure a cesión de uso, a Deputación farase cargo do mantemento e conservación do edificio, asumindo todos os gastos correntes e de mantemento nese tempo.

Este acordo de cesión foi aprobado polo goberno anterior na Xunta de Goberno Local do pasado 27 de marzo, e aprobada as súa aceptación no pleno da Deputación do día 14 de abril cos votos a favor de todos os grupos provinciais (tamén do BNG) salvo o do Partido Popular.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar ao Goberno Local a continuar cos procesos iniciados no anterior mandato, entre o Concello de Santiago e a Deputación Provincial da Coruña, para culminara cesión da Casa da Xuventude conforme as condicións que se atopan no acordo aprobado por ambas institucións.”

Á presente proposición presenta emenda o grupo municipal de CA, transaccionada polos grupos municipais do BNG e de CA, transacción que non foi aceptada, rexeitándose en consecuencia tamén a emenda do grupo municipal CA.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 6 votos a favor do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 18 votos en contra correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PP, do BNG e de CA (10 PP, 6 BNG e 2 CA), polo que queda rexeitada a presente proposición.

14. TOMAR COÑECEMENTO DA DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DE GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS NAS DISTINTAS COMISIÓNS.

Á vista dos escritos presentados polos grupos políticos municipais de CA, do PSdeG-PSOE, do Partido Popular e do BNG, ás comisións que a continuación se relacionan quedarían constituídas do seguinte xeito:

COMISIÓN DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS:

GRUPO MUNICIPAL DE CA:

Dona María Rozas Pérez

Don Xan Duro Fernández

GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE:

Don Gumersindo Guinarte Cabada

Dona Marta Abal Rodríguez

Dona Marta Álvarez Vázquez

Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL POPULAR:

Dona Yolanda Otero Balsa

Dona Rosario Ferreiro Varela

Don Adrián Villa Torres

Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

Don Manuel César Vila

Dona Míriam Louzao Fernández

Don Xesús Domínguez Domínguez

Suplentes: os demais membros do grupo.

**COMISIÓN DE URBANISMO, INFRAESTRUTURAS, VIVENDA, MEDIO
AMBIENTE, MEDIO RURAL E SERVIZOS**

GRUPO MUNICIPAL DE CA:

Dona María Rozas Pérez

Don Xan Duro Fernández

GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro

Dona Marta Abal Rodríguez

Dona Marta Álvarez Vázquez

Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL POPULAR:

Dona Nerea Barcia Guldrís

Don Adrián Villa Torres

Don Borja Rubio Somoza

Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG:

Don Iago Lestegás Tizón

Don Xesús Domínguez Domínguez

Dona Pilar Lueiro García

Suplentes: os demais membros do grupo.

**COMISIÓN DA ÁREA SOCIAL, CULTURA, PARTICIPACIÓN, IGUALDADE E
TRANSPARENCIA.**

GRUPO MUNICIPAL DE CA:

Dona María Rozas Pérez

Don Xan Duro Fernández

GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE:
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona Marta Abal Rodríguez
Dona Marta Álvarez Vázquez
Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL POPULAR:
Dona Yolanda Otero Balsa
Dona Rosario Ferreiro Varela
Don Borja Rubio Somoza
Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG:
Dona Míriam Louzao Fernández
Don Manuel César Vilal
Dona Pilar Lueiro García
Suplentes: os demais membros do grupo.

COMISIÓN ESPECIAL DE SUXESTIÓNS E RECLAMACIÓNS

GRUPO MUNICIPAL DE CA:
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Duro Fernández

GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE:
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona Marta Abal Rodríguez
Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL POPULAR:
Dona Yolanda Otero Balsa
Dona Nerea Barcia Guldrís
Suplentes: os demais membros do grupo.

GRUPO MUNICIPAL DO BNG:
Dona Pilar Lueiro García
Don Xesús Domínguez Domínguez
Suplentes: os demais membros do grupo.

15. TOMAR COÑECEMENTO DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Dáse conta das resolucións da Alcaldía e das concellarías delegadas comprendidas no período entre o 17 de marzo ao 13 de xullo de 2023.

Así mesmo, tamén se da conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

ASUNTO XGL/2023/00014105X

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 20 de marzo de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00014905M

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 22 de marzo de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00015584V

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 27 de marzo de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00016919H

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de abril de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00017242L

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 10 de abril de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00017919Y

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 11 de abril de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00018649T

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 17 de abril de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00019687A

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 21 de abril de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00019692P

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 24 de abril de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00020282T

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 25 de abril de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00020974W

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 29 de abril de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00020830L

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 2 de maio de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00021141P

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 2 de maio de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00021574G

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 4 de maio de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00021677S

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 8 de maio de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00022400W

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 10 de maio de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00022651T

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 11 de maio de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00022714V

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 15 de maio de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00022967V

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 15 de maio de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00023296R

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 22 de maio de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00023901P

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 24 de maio de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00024201D

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 26 de maio de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00024743E

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 30 de maio de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00025060V

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 1 de xuño de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00025099X

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 5 de xuño de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00025550R

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 6 de xuño de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00026067N

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 12 de xuño de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00026881K

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 14 de xuño de 2023 (14:30 h.).

ASUNTO XGL/2023/00026551J

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 14 de xuño de 2023 (14:40 h.).

ASUNTO XGL/2023/00028041P

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 19 de xuño de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00028044B

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00028353K

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00028602V

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 26 de xuño de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00028740V

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 27 de xuño de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00028925H

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 28 de xuño de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00029187G

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 3 de xullo de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00030336A

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 7 de xullo de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00030347Z

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 10 de xullo de 2023.

ASUNTO XGL/2023/00030940D

Acta da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do 12 de xullo de 2023.

16. ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.

Preguntas orais:

1. Presentada polo PP sobre as illas de recollida de residuos que se colocan no casco histórico.
2. Presentada polo PP sobre a actividade de aparcamentos irregulares que se desenvolven na Lavacolla.

17. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Os textos da declaración institucional que substitúe a moción que figura na orde do día como núm. 1 e as mocións a tratar son as que a continuación se transcriben:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE CONFORMIDADE AO ACORDO SUBSCRITO ENTRE AS FORZAS POLÍTICAS DA CORPORACIÓN E O FORO CÍVICO.

O Concello de Santiago de Compostela, de conformidade co acordo subscrito entre as forzas políticas representadas na Corporación Municipal e o Foro Cívico de Santiago, acorda situar como obxectivos prioritarios do mandato os que a continuación se detallan coa expresión da súa vontade para apoiar a unidade de acción da Alcaldía e colaborar na súa consecución:

1. HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO: O espazo dispoñible para o CHUS no actual Plan, evidénciase insuficiente, constituíndo non só un problema de futuro senón xa de presente, sendo as dispoñibilidades actuais claramente insuficientes para dar cabida ás necesidades da área sanitaria de Santiago e Barbanza, cunha poboación aproximada de 450.000 habitantes. Este problema, non só de aparcamento, verase seriamente agravado cando o proxecto de ampliación do CHUS sexa unha realidade en 2026. Neste sentido, cabe resaltar que se proxecta un incremento de máis de 30.000 metros cadrados destinados aos doentes, o que, aínda que converterá a área sanitaria compostelá en referente nacional, supoñerá unhas maiores dificultades relacionadas co tráfico. Por tanto, resulta fundamental o sentar as bases para atopar unha posible solución ao caos circulatorio e de aparcamento do recinto hospitalario e as necesidades de ampliación de futuro.

2. SOLUCIONAR A FALTA DE VIVENDA: A pesar do crecemento paulatino, aínda que lento, do número de habitantes no seu padrón municipal, Santiago ten un problema grave para asentar poboación. Os elevados prezos do metro cadrado dos inmobles postos á venda, a ausencia dunha oferta de alugueiro tradicional a prezos alcanzables, a carencia de vivendas de protección oficial (VPO) en venda e alugueiro e a falta de políticas para a rehabilitación e dinamización do parque de vivendas baleiras - especialmente no Centro histórico-, fan que moitas familias que realizan a súa vida diaria en Compostela -e, nestes últimos anos tamén estudantes da USC- se vexan obrigadas a vivir en concellos limítrofes pola carencia e carestía da vivenda en Santiago. Iso a pesar de que Santiago conta con territorio máis que suficiente para crecer urbanisticamente, dotando unidades de chan para construír de forma directa e de superficies manexables e a prezos razoables, -mesmo taxados cando a iniciativa de urbanización sexa pública- para evitar que o prezo final da vivenda sexa inasumible para o cidadán medio, especialmente para os mozos e mozas. En definitiva, deben adoptarse as medidas necesarias para evitar que se produza un incesante fluxo migratorio poboacional a outros municipios onde a vivenda é máis accesible.

3. SERVIZO DO CICLO INTEGRAL DA AUGA: A xestión do ciclo integral da auga de Santiago é un dos proxectos de maior envergadura municipal, polo que non é entendible que a nova xestión se atope a día de hoxe paralizada, a pesar de expirar as prórrogas do actual contrato de abastecemento de auga da cidade no ano 2019. É por iso que resulta fundamental que as forzas políticas municipais cheguen a un consenso sobre as necesidades en materia de xestión e investimento neste servizo público, e, en consecuencia, do modelo máis eficiente para a xestión deste, de forma que queden garantidas a realización e financiamento dos investimentos necesarios para a renovación e mellora da infraestrutura da rede de saneamento e abastecemento - estendéndoa a zonas, principalmente do rural, onde aínda non existe- e a prestación óptima do servizo en termos de calidade e economía.

4. ESTACIÓN DE FERROCARRIL DE MERCADORÍAS: A previsión para construír unha estación ferroviaria de mercadorías na Sionlla xa se contemplaba no Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1989, reservándose un espazo de 73.000 metros cadrados no polígono da Sionlla, xunto ás vías do tren, para este fin e comprometéndose a Xunta de Galicia á cesión dos terreos. A pesar diso, este proxecto segue sen se levar a cabo na actualidade. A súa localización no parque empresarial da Sionlla serviría para que a cidade mellore as súas infraestruturas de cara a conseguir unha mellor mobilidade das mercadorías (especialmente de graneis brutos e produtos forestais) o que constituirá un incentivo para consolidar a industria existente e atraer a instalación de novas industrias. Por iso, resulta necesario a realización dun estudo de viabilidade que permita acreditar a RENFE que o tráfico de mercadorías será o suficiente para

xustificar o investimento para realizar.

5. INDUSTRIALIZACIÓN. SOLO INDUSTRIAL E CREACIÓN DUNHA OFICINA DE CAPTACIÓN DE INVERTEMENTOS: A cidade carece de solo industrial, destinándose a maior parte do dispoñible nos polígonos industriais a actividades comerciais ou terciarias. Este feito esixe a inmediata planificación e posta ao dispor de chan con fins propiamente industriais, así como dotar á cidade dun gran aparcamento pechado e vixiado para vehículos pesados, con especial previsión para vehículos que transporten mercadorías perigosas. Nesta mesma orde e de acordo co informe “Fluxos de investimentos exteriores directos 2021” emitido pola Dirección Xeral de Comercio Internacional e Invertementos do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, o investimento estranxeiro en Galicia unicamente representa o 0,8% sobre o total. A situación non mellora no caso da captación de investimentos na nosa cidade. Por iso, resulta fundamental o desenvolvemento de políticas activas que favorezan a seguridade xurídica, o abaratamento do custo do solo, a súa programación e planificación a medio e longo prazo, a flexibilización e axilización dos trámites burocráticos necesarios -con especial referencia ás licenzas urbanísticas- e a posta en marcha de incentivos e beneficios fiscais que favorezan a idea de Santiago como unha cidade “friendly” para a atracción de investimentos.

Como punta de lanza de todas estas políticas públicas, resulta tamén fundamental a creación dunha oficina de captación de investimentos, de colaboración pública-privada, de acordo co modelo testado e liderado polas Cámaras de Comercio, co obxectivo de:

- a. Atraer, facilitar e acelerar o investimento nacional e estranxeiro a Santiago de Compostela, xerando así riqueza e emprego de calidade na cidade e contribuír ao desenvolvemento do seu tecido económico.
- b. Identificar potenciais investidores co obxecto de canalizar e atraer o investimento á cidade.
- c. Atención a investidores estranxeiros, apoiándolles en todo proxecto de investimento que desexen levar a cabo, prestándolles por tanto un auténtico servizo “chave en man” de investimento na nosa cidade.
- d. Difusión internacional da imaxe de Santiago de Compostela como unha cidade onde vivir e traballar cuns elevados valores engadidos (situación estratéxica, infraestruturas, Universidade, capitalidade, proximidade a fontes de investigación, desenvolvemento e innovación, dispoñibilidade de chan industrial, persoal cualificado, seguridade, cidade cultural, atracción turística mundial, etc.) Presentar á cidade, en definitiva, como un excelente destino de Invertemento.

6. COMPROMISO CO DESEÑO DUNHA XESTIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA SUSTENTABLE DE CARA OS PRÓXIMOS ANOS. Resulta preciso trazar unha folla de ruta que estableza as pautas para a xestión e promoción dun turismo sustentable en Santiago, nos próximos anos, con especial atención aos Anos Santos. Este documento incluíría a propia visión, desde a entidade municipal, tanto da promoción e xestión, as necesidades e os esforzos para alcanzar os obxectivos, como a proposición e valoración que poida ter ou facer o resto de Administracións (Autonómica e Estatal), promovendo un permanente e estable intercambio interadministrativo de propostas que deba incluír unha análise estatística que valore a oportunidade e acerto das programacións e investimentos antecedentes. Trataríase de

garantir a convivencia e buscar unha xestión sustentable que teña unha coherencia e unha garantía de estabilidade temporal que evite redundancias e gastos superfluos e que ao mesmo tempo coordine os esforzos investidores das diferentes Administracións para anticipar e concretar programación turística, permitindo corrixila con antelación, evitando así improvisacións.

As forzas políticas representadas na Corporación municipal de Santiago de Compostela comprométese a buscar canles de colaboración para tratar de conseguir un consenso nos temas cruciais para a cidade.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA AO PLENO DA CORPORACIÓN RELATIVA Á SOLICITUDE DE TRASLADO DA FARMACIA DE MARROZOS AO OUTEIRO DO CASTIÑEIRIÑO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal Socialista ten coñecemento da existencia dunha solicitude presentada polo novo propietario da farmacia ubicada en Marrozos desde 1957 ante o Colexio Oficial de Farmacéuticos para o traslado voluntario e definitivo ao Outeiro do Castiñeiriño. A Lei 3/2019, de 2 de xullo, de ordenación farmacéutica de Galicia, artigo 41, determina que os cambios de ubicación estarán suxeitos ás seguintes limitacións:

En aquelas oficinas de farmacia para cuxa instalación e apertura se houbera fixada unhadelimitación territorial concreta, haberá de respectarse o ámbito da mesma, salvo cando a Administración sanitaria constatase a desaparición das condicións que motivaron a súa instalación nesa delimitación.

Non se autorizará o cambio de ubicación cando, de ser autorizado, se producira un detrimento grave do servizo farmacéutico na zona na que se ubica a oficina de farmacia, en especial naqueles núcleos en que soamente exista a oficina de farmacia establecida, e se manteñan as condicións que motivaron a súa autorización inicial.

Esta farmacia leva 45 anos facendo un servizo, non só á veciñanza de Marrozos senón tamén á do Eixo, Aríns, San Breixo de Sergude, en Boqueixón e San Xián de Sales e San Fins de Sales, en Vedra. Estaríamos a falar de case 6000 veciñas e vecinos dese ámbito que deixarían de ter servizo farmacéutico, aos que debemos sumar os peregrinos que realizan o Camiño de Santiagopola Vía da Prata, xa que está situada á beira do Camiño de Santiago.

Segundo nos informan, o novo propietario adquiriu a farmacia o 21 de decembro de 2022, unhasemana antes de solicitar o traslado para outra ubicación, polo que nos fai sospeitar que a estratexia do comprador é facerse cunha farmacia a baixo custe e solicitar inmediatamente o seu traslado. En definitiva, o traslado da oficina só beneficiaría ao farmacéutico, ocasionando unperxuízo importante ás veciñas e veciños desas parroquias.

Así mesmo, cabe destacar que preto da nova ubicación hai na actualidade cinco oficinas de farmacias, concentradas entre o Castiñeiriño e Cacheiras (Teo), mentras que entre o Castiñeiriño e Boqueixón pasarían a ser soamente tres.

Este traslado obrigaría á cidadanía residente nese ámbito a desprazarse cada vez que necesiten retirar os seus medicamentos, o que ocasionaría un grave trastorno á poboación de máis idade, que son a gran maioría, e que non sempre dispoñen dun medio de transporte.

Por outra banda, deberá estudarse desde o departamento de urbanismo se a nave industrial onde se pretende abrir a nova oficina reúne as condicións para a apertura dunha farmacia, toda vez que se trata dunha nave industrial situada ao carón da carretera na rúa do Outeiro do Castiñeiriño.

Á vista de todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta ao Pleno da Corporación para á súa aprobación a seguinte

MOCIÓN:

1.- Instar ao Colexio oficial de farmacéuticos da provincia de A Coruña a estudar pormenorizadamente o expediente de traslado da farmacia situada en Marrozos (expte. 685/2022), tendo en conta a exposición de motivos desta moción.

2.- Instar á Xunta de Galicia, de acordo ao establecido no artigo 41 da Lei 3/2019, de 2 de xullo, a non autorizar o cambio de ubicación xa que parece evidente que se vai producir un detrimentograve do servizo farmacéutico nesa zona.

3.- Instar á Concellería de urbanismo a comprobar se teñen presentado escrito de solicitude de licenza de obras ou cambio de actividade na nave industrial sita na rúa Outeiro do Castiñeiriño, número 33, e se informe ao Pleno da Corporación da situación urbanística desta nave.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA A CREACIÓN DE APARTAMENTOS DE ALUGUEIRO PARA ESTUDANTES EN COLABORACIÓN COA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO.

O Grupo municipal do PSdeG-PSOE de Santiago de Compostela, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Estes días estamos a ver como un ano máis, o mercado de aluguer para os estudantes está totalmente saturado na nosa cidade. As inmobiliarias apenas teñen oferta para a alta demanda existente.

A pesares do impacto positivo que tivo durante os últimos meses a regulación das vivendas de uso turístico, que devolveu ao aluguer convencional case un centenar de vivendas, e que, segundo varios portais inmobiliarios, paralizou a subida do prezo de aluguer. O uso turístico segue a copar o mercado que tradicionalmente estaba destinado para este colectivo, provocando unha expulsión de universitarios a municipios veciños como o de Ames, que nos últimos anos tamén está a vivir unha subida nos prezos de aluguer.

Dende o ámbito local debemos continuar apostando polas políticas de vivenda con novas propostas que busquen solucións aos diferentes problemas que está a padecer a nosa sociedade neste ámbito. As administracións públicas debemos garantir sempre unha vivenda digna e de calidade.

O Grupo Municipal Socialista a través desta moción propón a creación de apartamentos de alugueiro para estudantes. Esta iniciativa sería posible coa a

colaboración da USC e á Xunta de Galicia, co obxectivo de poñer no mercado unhas 200 vivendas en réxime de alugueiro para este colectivo. Neste acordo de colaboración poñeríase a disposición tres parcelas do noso municipio: unha en Xoán XXIII, titularidade da Xunta ao carón da biblioteca de Ánxel Casal; outra na Avenida de Castelao no Campus Norte, de titularidade da USC; e unha última de titularidade municipal nas proximidades do CHUS en Volta do Castro.

Para levar a cabo esta operación de xeito inmediato poderíase canalizar a través do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), entidade que hoxe ten as ferramentas necesarias para realizala. Xa que é a Xunta de Galicia a administración que ten todas as competencias en materia de vivenda, e tamén o financiamento. De cara o futuro, coa recuperación dunha empresa pública municipal como EMUVISSA, este tipo de operacións poderíanse desenvolver dende o ámbito municipal.

Por todos estes motivos, o Grupo municipal do PSdeG solicita ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar ao Goberno Local a impulsar un convenio de colaboración coa Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago para desenvolver apartamentos de alugueiro para estudantes nas parcelas de Xoán XXIII, Avenida Castelao e Volta do Castro.

MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A ELABORACIÓN E TRAMITACIÓN DUN REGULAMENTO DE USOS DE ESPAZOS EMBLEMÁTICOS DA CIDADE.

O Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O longo deste ano temos visto, de novo, actos incívicos contra o patrimonio da nosa cidade e tamén no comportamento de certas persoas en espazos emblemáticos da mesma.

No ano 2022 o Partido Popular xa trouxo a este pleno unha proposición no mesmo sentido, nela recollíamos que “a crecente actividade económica e turística dos últimos anos, que se está a reactivar tras a paréntese da pandemia, está a poñer de manifesto a necesidade de regular os espazos convertidos en emblemáticos dentro da nosa cidade, de forma especial a Praza do Obradoiro e o resto das prazas do contorno da Catedral, así como o parque de Bonaval, entre outros posibles. Estes lugares, pola súa configuración como “marcos incomparables” ou singulares centros neuráxicos e de atracción, están a soportar usos do máis variado, que cabalmente chocan coa súa especial consideración histórica ou ambiental.

Todos somos conscientes da proliferación de usos inadecuados que se evidencian en determinados eventos, exposicións e actividades de marcado carácter comercial ou publicitario -con instalacións de gran porte e superficie- ou na ocupación dos espazos públicos, como no caso da mesma Praza do Obradoiro, para pícnicos grupais a mantel posto con todo tipo de viandas e mesmo o consumo de bebidas alcohólicas con envases de vidro, que máis alá de constituir un atentado ao decoro e á urbanidade, supoñen unha ameaza para o tránsito e a seguridade dese espazo. Unha realidade que non debemos ignorar quen a constatamos a diario, mesmo na porta principal da Casa do Concello.”

Á vista do exposto, o Partido Popular proponlle ao conxunto da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

O Pleno do Concello de Santiago insta ao correspondente órgano de Goberno a que impulse, ao longo do ano actual, a elaboración e tramitación dun Regulamento de usos de espazos emblemáticos da cidade, entre os que se inclúa, cando menos, a Praza do Obradoiro e o resto das prazas do contorno da Catedral, así como o parque de Bonaval, para impedir o seu uso trivial e incontrolado.

MOCIÓN DO PP PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS NA HONRA DE FRANCISCO ASOREY CON MOTIVO DO DÍA DAS ARTES GALEGAS 2024.

O Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Para celebrar o Día das Artes Galegas a Real Academia Galega de Belas Artes escolle o 1 de abril de cada ano, en memoria da mesma xornada do ano 1188, data constatada no epígrafe dos dinteles do Pórtico da Gloria e coa que se certifica que aquela é obra dirixida, desde os seus cimentos, polo Mestre Mateo. Cima das Artes Románicas, artes europeas por excelencia, pórtico que abre a camiños, que fan de Galicia encrucillada de culturas, e que mesmo sintetiza todas as artes. Da cultura, das tradicións, dos saberes dos canteiros e das relacións foi posible o Pórtico da Gloria. O vindeiro 1 de abril de 2024 o Día das Artes Galegas, estará dedicado ao escultor Francisco Asorey. Así o decidiu na súa pasada sesión ordinaria a Real Academia Galega de Belas Artes, que destaca a figura do artista nacido en Cambados como un dos grandes renovadores da escultura española do século XX.

Son moitas as obras de Francisco Asorey que atopamos en Santiago de Compostela e que embelecen a nosa cidade, na que residiu desde o ano 1918 ata a súa data de falecemento. Para dar a coñecer a súa obra entre a veciñanza de Compostela e para a organización e programación de actividades culturais, propoñemos que o Pleno do Concello de Santiago inste ao Goberno local a que adopte os seguintes **acordos**:

Primeiro: Organizar e programar actividades que apoién actos na honra de Francisco Asorey e que involucren á cidadanía de Compostela para o recoñecemento da devandita figura.

Segundo: Que se colabore con outras institucións e administracións para lograr entre todos, engrandecer a figura de Francisco Asorey.”

O Pleno da Corporación, aprobou por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes a seguinte declaración institucional que asinan os/as portavoces dos catro grupos políticos municipais:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE CONFORMIDADE AO ACORDO SUBSCRITO ENTRE AS FORZAS POLÍTICAS DA CORPORACIÓN E O FORO CÍVICO.

O Concello de Santiago de Compostela, de conformidade co acordo suscrito entre as

forzas políticas representadas na Corporación Municipal e o Foro Cívico de Santiago, acorda situar como obxectivos prioritarios do mandato os que a continuación se detallan coa expresión da súa vontade para apoiar a unidade de acción da Alcaldía e colaborar na súa consecución:

1. HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO: O espazo dispoñible para o CHUS no actual Plan, evidénciase insuficiente, constituíndo non só un problema de futuro senón xa de presente, sendo as dispoñibilidades actuais claramente insuficientes para dar cabida ás necesidades da área sanitaria de Santiago e Barbanza, cunha poboación aproximada de 450.000 habitantes. Este problema, non só de aparcamento, verase seriamente agravado cando o proxecto de ampliación do CHUS sexa unha realidade en 2026. Neste sentido, cabe resaltar que se proxecta un incremento de máis de 30.000 metros cadrados destinados aos doentes, o que, aínda que converterá a área sanitaria compostelá en referente nacional, supoñerá unhas maiores dificultades relacionadas co tráfico. Por tanto, resulta fundamental o sentar as bases para atopar unha posible solución ao caos circulatorio e de aparcamento do recinto hospitalario e as necesidades de ampliación de futuro.

2. SOLUCIONAR A FALTA DE VIVENDA: A pesar do crecemento paulatino, aínda que lento, do número de habitantes no seu padrón municipal, Santiago ten un problema grave para asentar poboación. Os elevados prezos do metro cadrado dos inmobles postos á venda, a ausencia dunha oferta de alugueiro tradicional a prezos alcanzables, a carencia de vivendas de protección oficial (VPO) en venda e alugueiro e a falta de políticas para a rehabilitación e dinamización do parque de vivendas baleiras -especialmente no Centro histórico-, fan que moitas familias que realizan a súa vida diaria en Compostela -e, nestes últimos anos tamén estudantes da USC- se vexan obrigadas a vivir en concellos limítrofes pola carencia e carestía da vivenda en Santiago. Iso a pesar de que Santiago conta con territorio máis que suficiente para crecer urbanisticamente, dotando unidades de chan para construír de forma directa e de superficies manexables e a prezos razoables, -mesmo taxados cando a iniciativa de urbanización sexa pública- para evitar que o prezo final da vivenda sexa inasumible para o cidadán medio, especialmente para os mozos e mozas. En definitiva, deben adoptarse as medidas necesarias para evitar que se produza un incesante fluxo migratorio poboacional a outros municipios onde a vivenda é máis accesible.

3. SERVIZO DO CICLO INTEGRAL DA AUGA: A xestión do ciclo integral da auga de Santiago é un dos proxectos de maior envergadura municipal, polo que non é entendible que a nova xestión se atope a día de hoxe paralizada, a pesar de expirar as prórrogas do actual contrato de abastecemento de auga da cidade no ano 2019. É por iso que resulta fundamental que as forzas políticas municipais cheguen a un consenso sobre as necesidades en materia de xestión e investimento neste servizo público, e, en consecuencia, do modelo máis eficiente para a xestión deste, de forma que queden garantidas a realización e financiamento dos investimentos necesarios para a renovación e mellora da infraestrutura da rede de saneamento e abastecemento -estendéndoa a zonas, principalmente do rural, onde aínda non existe- e a prestación óptima do servizo en termos de calidade e economía.

4. ESTACIÓN DE FERROCARRIL DE MERCADORÍAS: A previsión para construír unha estación ferroviaria de mercadorías na Sionlla xa se contemplaba no Plan Xeral de Ordenación Urbana de 1989, reservándose un espazo de 73.000 metros cadrados no polígono da Sionlla, xunto ás vías do tren, para este fin e comprometéndose a Xunta de Galicia á cesión dos terreos. A pesar diso, este proxecto segue sen se levar a cabo na actualidade. A súa localización no parque empresarial da Sionlla servirá

para que a cidade mellore as súas infraestruturas de cara a conseguir unha mellor mobilidade das mercadorías (especialmente de graneis brutos e produtos forestais) o que constituirá un incentivo para consolidar a industria existente e atraer a instalación de novas industrias. Por iso, resulta necesario a realización dun estudo de viabilidade que permita acreditar a RENFE que o tráfico de mercadorías será o suficiente para xustificar o investimento para realizar.

5. INDUSTRIALIZACIÓN. SOLO INDUSTRIAL E CREACIÓN DUNHA OFICINA DE CAPTACIÓN DE INVESTIMENTOS: A cidade carece de solo industrial, destinándose a maior parte do dispoñible nos polígonos industriais a actividades comerciais ou terciarias. Este feito esixe a inmediata planificación e posta ao dispor de chan con fins propiamente industriais, así como dotar á cidade dun gran aparcamento pechado e vixiado para vehículos pesados, con especial previsión para vehículos que transporten mercadorías perigosas. Nesta mesma orde e de acordo co informe “Fluxos de investimentos exteriores directos 2021” emitido pola Dirección Xeral de Comercio Internacional e Investimentos do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, o investimento estranxeiro en Galicia unicamente representa o 0,8% sobre o total. A situación non mellora no caso da captación de investimentos na nosa cidade. Por iso, resulta fundamental o desenvolvemento de políticas activas que favorezan a seguridade xurídica, o abaratamento do custo do solo, a súa programación e planificación a medio e longo prazo, a flexibilización e axilización dos trámites burocráticos necesarios -con especial referencia ás licenzas urbanísticas- e a posta en marcha de incentivos e beneficios fiscais que favorezan a idea de Santiago como unha cidade “friendly” para a atracción de investimentos.

Como punta de lanza de todas estas políticas públicas, resulta tamén fundamental a creación dunha oficina de captación de investimentos, de colaboración pública-privada, de acordo co modelo testado e liderado polas Cámaras de Comercio, co obxectivo de:

- a. Atraer, facilitar e acelerar o investimento nacional e estranxeiro a Santiago de Compostela, xerando así riqueza e emprego de calidade na cidade e contribuír ao desenvolvemento do seu tecido económico.
- b. Identificar potenciais investidores co obxecto de canalizar e atraer o investimento á cidade.
- c. Atención a investidores estranxeiros, apoiándolles en todo proxecto de investimento que desexen levar a cabo, prestándolles por tanto un auténtico servizo “chave en man” de investimento na nosa cidade.
- d. Difusión internacional da imaxe de Santiago de Compostela como unha cidade onde vivir e traballar cuns elevados valores engadidos (situación estratéxica, infraestruturas, Universidade, capitalidade, proximidade a fontes de investigación, desenvolvemento e innovación, dispoñibilidade de chan industrial, persoal cualificado, seguridade, cidade cultural, atracción turística mundial, etc.) Presentar á cidade, en definitiva, como un excelente destino de Investimento.

6. COMPROMISO CO DESEÑO DUNHA XESTIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA SUSTENTABLE DE CARA OS PRÓXIMOS ANOS. Resulta preciso trazar unha folla de ruta que estableza as pautas para a xestión e promoción dun turismo sustentable en Santiago, nos próximos anos, con especial atención aos Anos Santos. Este documento incluíría a propia visión, desde a entidade municipal, tanto da promoción e

xestión, as necesidades e os esforzos para alcanzar os obxectivos, como a proposición e valoración que poida ter ou facer o resto de Administracións (Autonómica e Estatal), promovendo un permanente e estable intercambio interadministrativo de propostas que deba incluír unha análise estatística que valore a oportunidade e acerto das programacións e investimentos antecedentes. Trataríase de garantir a convivencia e buscar unha xestión sustentable que teña unha coherencia e unha garantía de estabilidade temporal que evite redundancias e gastos superfluos e que ao mesmo tempo coordine os esforzos investidores das diferentes Administracións para anticipar e concretar programación turística, permitindo corrixila con antelación, evitando así improvisacións.

As forzas políticas representadas na Corporación municipal de Santiago de Compostela comprométese a buscar canles de colaboración para tratar de conseguir un consenso nos temas cruciais para a cidade.

Durante o debate e votación da moción sobre o traslado da farmacia de Marrozos, auséntase do salón o concelleiro Don Juan Ramón de la Fuente Rodríguez.

Con respecto á moción formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE relativa a solicitude de traslado da farmacia de Marrozos en Outeiro do Castiñeiriño, e despois de ser acordado no transcurso do debate a votación separada por puntos, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda instar ao Colexio oficial de farmacéuticos da provincia de A Coruña a estudar pormenorizadamente o expediente de traslado da farmacia situada en Marrozos (expte. 685/2022), tendo en conta a exposición de motivos desta moción.

2.- O Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda instar á Xunta de Galicia, de acordo ao establecido no artigo 41 da Lei 3/2019, de 2 de xullo, a non autorizar o cambio de ubicación xa que parece evidente que se vai producir un detrimento grave do servizo farmacéutico nesa zona.

3.- O Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do PP (6 PSdeG-PSOE e 9 PP) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do BNG e de CA (6 BNG e 2 CA), acorda instar á Concellaría de urbanismo a comprobar se teñen presentado escrito de solicitude de licenza de obras ou cambio de actividade na nave industrial sita na rúa Outeiro do Castiñeiriño, número 33, e se informe ao Pleno da Corporación da situación urbanística desta nave.

No tocante á moción formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE para a creación de apartamentos de alugueiro en colaboración coa Xunta de Galicia e a Universidade, á que presentaron emendas os grupos municipais do PP e do BNG, sendo aceptada soamente a do BNG, o Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e de CA (6 PSdeG-PSOE, 6 BNG e 2 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP, acorda instar ao Goberno Local a impulsar un convenio de colaboración coa Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago para desenvolver apartamentos de alugueiro para estudantes.

Con respecto á moción formulada polo grupo municipal do PP para a elaboración e

tramitación dun Regulamento de usos de espazos emblemáticos da cidade, á que presentou emenda o grupo municipal de CA, que non foi aceptada, o Pleno da Corporación por 10 votos a favor correspondentes aos concelleiros e concelleiras presentes do grupo municipal do PP e 14 abstencións correspondentes aos concelleiros e concelleiras dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, do BNG e de CA (6 PSdeG-PSOE, 6 BNG e 2 CA), acorda instar ao correspondente órgano de goberno a que impulse, ao longo do ano actual, a elaboración e tramitación dun Regulamento de usos de espazos emblemáticos da cidade, entre os que se inclúa, cando menos, a Praza do Obradoiro e o resto das prazas do contorno da Catedral, así como o parque de Bonaval, para impedir o seu uso trivial e incontrolado.

No relativo á moción formulada polo grupo municipal do PP para a organización de actividades culturais na honra de Francisco Asorey con motivo do Día das Letras Galegas, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras presentes acorda:

Primeiro: Organizar e programar actividades que apoién actos na honra de Francisco Asorey e que involucren á cidadanía de Compostela para o recoñecemento da devandita figura.

Segundo: Que se colabore con outras institucións e administracións para lograr entre todos, engrandecer a figura de Francisco Asorey.

A Alcaldesa pecha a sesión ás 13:10 horas. Dou fe.